

vilalba

Elba Veleiro fai un balance desta lexislatura, a primeira dos socialistas en 40 anos. **Pax. 4**

as pontes

O Concello remata diferentes traballos para o embelecemento da vila e a contorna. **Pax. 10**

friol

As permutas voluntarias de terras servirán de exemplo para outras iniciativas galegas. **Pax. 12**

guitiriz

Deu comezo a restauración dos frescos dos Vilares tras anos de reclamacións. **Pax. 14**

castro de rei

Entrevista ao alcalde da localidade, Francisco Balado, sobre estes catro anos. **Pax. 18**

Chega Don Carnal

A práctica totalidade dos concellos chairegos preparan a celebración do Entroido, que compite por volver a tempos anteriores á covid



Homenaxe ao grelo en Abadín e As Pontes

A feira terá lugar os días 18 e 19 na vila coruñesa e o sábado só será Expogrelo na luguesa. **Pax. 9 e 23**

Adxudicada a residencia de Guitiriz

A Deputación sufragará o centro de maiores cun orzamento de 2 millóns. **Pax. 27**

Programa do FIV



O festival vilalbés presentou a todos os grupos que actuarán en abril. **Pax. 3**

Remata o cincuentenario



Begonte acolleu a clausura do aniversario do belén. **Pax. 20**

Deportistas do ano



Vilalba repartiu os premios anuais nas distintas disciplinas. **Pax. 28**

A Deputación reclama axudas polo temporal

Aprobou en Pleno solicitar á Xunta apoio para os damnificados polas inundacións. **Pax. 27**



Campaña vixente do 1 de febreiro ata o 30 de abril

2x1
en gafas graduadas
Para ti ou para compartir
coa túa persoa favorita

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

W.P.S. E-27-00011 / E-27-00011 • W.P.S. E-15-00014 / E-15-00119

Reclaman a resolución da Xunta cunha achega

O Concello de Vilalba informa de que leva case ano e medio de espera por unha resolución da Xunta de Galicia para as obras de renovación da rede de abastecemento nas rúas Calvario e os Pepes.

O 9 de xuño de 2020, o Concello recibiu unha notificación de resolución de concesión das subvencións da liña do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, na que se concedía a Vilalba 195.609,37 euros para o proxecto denominado Renovación da rede municipal de abastecemento de auga nas rúas Calvario e Os Pepes.

As subvencións do Fondo de Compensación chegan a Vilalba polo feito de ter instalados no concello varios parques eólicos.

Nos meses seguintes lle foi requirido ao Concello completar a documentación presentada para a xustificación. Vilalba xustificou xa en decembro de 2020 máis do 60% da actuación, cumprindo todos os requisitos legais. En agosto de 2021 rematou a entrega do resto da documentación solicitada.

Desde entón, a Xunta non lle notificou ningunha resolución, excedendo todos os prazos establecidos para facelo. "Non hai xustificación ningunha, a Xunta ten que resolver porque está perxudicando aos veciños de Vilalba", explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas. O Concello de Vilalba investiu máis de 100.000 euros de fondos municipais nesta obra.

Anuncian seis novas prazas públicas residenciais na vila

A Xunta creará seis novas prazas públicas residenciais en Vilalba e inviste 160.000 € para que os usuarios do Hospital Asilo contén cunhas instalacións renovadas.

O Goberno galego destinará este ano ao financiamento destas prazas públicas un orzamento de 546.000 euros. Aos que hai que sumarlle os fondos que acaban de serlle concedidos á entidade a través da orde de axudas do 0,7% do IRPF e cos que mellorará o centro para renovar habitacións e outorgarlle maior comodidade e mellor calidade de vida aos

usuarios que viven no Hospital asilo de Vilalba.

Así mesmo, a Xunta triplicou nos últimos anos o número de prazas públicas de atención a maiores ao pasar das 5.000 do ano 2009, ata as máis de 14.000 que existen nestes momentos na nosa Comunidade.

Por outro lado, a Xunta destacou que o obxectivo da Administración autonómica é escoitar ás persoas maiores e ofrecerlle servizos de calidade, ao carón das súas casas e que respondan ás súas necesidades e preferencias.

Vilalba e as súas parroquias vivirán o Entroido ao completo

Vilalba centrará o Entroido 2023 na celebración do martes 21 de febreiro coa celebración dun concurso que vai incrementando o bote de premios ata preto dos 6.000 euros.

As persoas e comparsas participantes desfilarán pola vila a partir das 17.00 horas, con saída do Campo da Feira, cun recorrido que inclúe a avenida Terra Chá, José María Chao Ledo, rúa de Galicia ata a praza da Constitución, onde, diante do Templete (onde estará situado o xurado e remata o percorrido) todos os participantes poderán facer unha pequena actuación se así o desexan. Poden participar e optar aos premios, ademais dos particulares e parellas, calquera asociación ou entidade legalmente constituída, así como os grupos ocasionais.

Repartiránse un total de 5.710 euros en premios para os 1.º, 2.º e 3.º clasificados nas categorías de mellor comparsa Infantil e Xuvenil (de 0 a 14 anos) e para as mellores comparsas de Adultos (a partir de 15 anos) e Mixtas (adultos e nenos). Na categoría individual e por parellas, para Infantil e Xuvenil (0 a 14 anos) e Adultos (máis de 15 anos).

O premio de maior contía incrementábase este ano ata os 1.000 euros para a mellor comparsa mixta. Haberá tamén premios para as comparsas máis orixinais e simpáticas (ambas con 200 euros).

A comisión avaliadora poderá outorgar ata tres accésits de 150€ cada un, e ademais os participantes levarán un vale para un petisco xunto a un detalle para a cativada.



Para rematar o Entroido, o Concello de Vilalba volve a organizar ao día seguinte, o mércores 22, o Enterro da Sardíña. A cita será na praza da Constitución ás 20.00 horas co reparto tamén de café e chocolate con doce.

BIBLIOTECA. Con motivo do Entroido, organízase un obradoiro dirixido a nenos e nenas de 4 a 8 anos na Biblioteca Municipal o mércores 15 de febreiro de 17.00 a 19.00.

Durante o evento, a rapazada poderá gozar dun obradoiro de monicreques e dun contacontos. A participación no obradoiro é gratuíta, previa inscrición na Biblioteca ou por WhatsApp ao 626399329.

CARBALLIDO. A parroquia de Carballido celebra a XX edición do Entroido e do seu baile de disfraces o sábado día 18. A xornada dará comezo ás 14.00 horas cunha sesión vermú a cargo do grupo JB Son, grupo que tamén poderá escoitarse na verbena, na que estará tamén Santín.

Trala sesión vermú terá lugar a tradicional comida dentro da Escola. Haberá concurso de disfraces con premios e lémbrese que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

MOURENCE. Mourence celebrará tamén unha festa de Entroido co obxectivo de recadar fondos para sufragar a Romaría da Magdalena.

Así, a casa escola de Mourence será o lugar de celebración, o sábado 18 de febreiro, a partir das 17.00 horas. Haberá concurso de disfraces, con premio para o mellor disfraz adulto e o mellor infantil. O custe da entrada será de 1,50 euros por persoa, que dá dereito a un número para participar no sorteo dunha cesta. Tamén haberá postos de bebida e merenda.

SANCOVADE. O Entroido en Sancovade será o sábado 18, co seu tradicional concurso de disfraces. A celebración comezará ás 14 horas no campo de fútbol coa sesión vermú para despois ter un xantar popular.

Pola tarde será o concurso de disfraces, que dará comezo a partir das 18.00 horas, e repartirá premios nas categorías individual adulto e infantil e comparsas. A organización lembra que xa están a venda os tiquets para participar no xantar e poderanse adquirir ata o día 15. Para participar no concurso haberá que pagar tamén unha cota de 5 euros por individual adulto, 20 por comparsa e os nenos terán a inscrición gratuíta.

A sesión estará amenizada polos dj Cendoi e Cómec e sortearse unha cesta típica de Entroido.



Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos
Loures



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE
DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte
de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a
explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo
tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de
inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones),
para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Regresan a Vilalba as Xornadas Rosalianas

O Concello de Vilalba, a Nova Poesía Guitirica (NPG) e o Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) volven unirse para a celebración da segunda edición das Xornadas Rosalianas, unha iniciativa que botou a andar o pasado ano coincidindo coa inauguración do parque na honra da escritora galega.

Tralo éxito acadado na súa estrea, as tres entidades programaron un mescheo de actividade co obxectivo de por en valor a figura de Rosalía de Castro como unha muller sobranceira das nosas letras e unha figura clave na cultura galega.

As diferentes actividades previstas comezarán o venres día 17 coa inauguración da mostra *Lieders*, de Clara Martín, na sala de exposicións do auditorio en alusión ao artigo, datado no 1858, e considerado como o primeiro manifesto feminista galego. O sábado 18, na entrada do auditorio a partir das 12:00 horas, Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, fará un relatorio baixo o título *Rosalía Sempre!*. Este encontro terá continuación cunha ofrenda floral no Parque Rosalía de Castro que incluírá un recitado a cargo de alumnado do IES Basanta Silva, ademais de acompañamento musical.

O alumnado infantil de Vilalba tamén será partícipe desta homenaxe á gran escritora galega, coa realización de pensamentos que serán recollidos e colocados no parque polos usuarios e usuarias do obradoiro de xardinaría do Centro Ocupacional. Nesta segunda edición, que implica a distintos sectores de toda a vila, realizarase unha gran mostra de Rosalías debuxadas polo alumnado de Primaria na entrada do auditorio.

A axenda de actividades continuará o luns día 20 de febreiro cun recital poético e unha audición de música



na Residencia de Maiores de Vilalba co epígrafe *Lembrando a Rosalía*. Ademais, os días 23 e 24 está organizado nos CEIP Terrá Chá, Román, Insua Bermúdez e Mato Vizoso o obradoiro *Buscando a Rosalía* a cargo de Raquel Queizás, que dará paso, ao día seguinte, a un relatorio de Martín Pawley, crítico de cine, programador e produtor, sobre *Rosalía nas pantallas*.

A longa lista de actos inclúe tamén o sábado día 25, no parque Rosalía de Castro, un Recital-Concerto a cargo da Nova Poesía Guitirica, coa participación e acompañamento de grupos e entidades locais, mentres que se baixará o telón das *Xornadas Rosalianas* co pregón da artista multidisciplinar Luz Darriba e a actuación do Dúo Vaguedades, que interpretarán a Rosalía de Castro e a Eduardo Pondal. A cita é ás 20:00 horas no auditorio de Vilalba.

Nesta segunda edición, as tres entidades organizadoras, representadas por mulleres, insisten no seu obxectivo de subliñar o legado de Rosalía de Castro non só como figura emblemática da literatura galega e española, senón tamén como símbolo do pobo galego en eidos como a cultura, a lingua e o feminismo.

O FIV presenta o seu cartel ao completo

O FIV de Vilalba vén de comunicar quenes serán os quince artistas que irán do 28 ao 30 de abril a Vilalba. Grupos de renome como Lori Meyers e Sidecars completan o cartel xunto os xa confirmados La Casa Azul, Sidonie, Delaporte, Carlangas e Hickeys. Tamén contarán con nomes galegos como Moura ou Berta Franklin. Sen esquecer dos DJs que amenizan as veladas para que a festa non termine e a Banda de Música de Vilalba que nunca se perde a cita.

Tamén están dispoñibles as entradas para menores na web do festival. As entradas seguen á venda no terceiro tramo a un prezo de 38 euros.

OS GRUPOS. Os grupos que forman o festival este ano serán, Lori Meyers, un dos catro grupos máis importantes do panorama indie patrio. Tamén estará La Casa Azul é unha das bandas máis emblemáticas. Ademais de Sidonie, que leva máis de dúas décadas de andaina, consolidándose como unha das grandes bandas de rock españolas; Sidecars, un grupo de pop-rock español, xurdido en Madrid; Delaporte, un dúo hispano-italiano afinado en Madrid, ou Carlangas, ex vocalista de Novedades Carminha. A estes engándense outros artistas importantes do panorama musical como Moura, unha das bandas de rock máis interesantes do panorama nacional; Hickeys, banda exclusivamente feminina que comezou a súa viaxe en 2018; Los Malinches, unha das bandas que mellor representa o rexurdimento psicodélico inspirado nos anos 60 e 70; e o quinteto lucense Berta Franklin.



CAMPAMENTO. O FIV abriu o tempo de reserva de parcelas para a acampada. Nesta ocasións, a organización decidiu que a zona de acampada estivera en dúas zonas diferenciadas, a primeira no pavillón do CEIP Mato Vizoso e a segunda no pavillón do CEIP Insua Bermúdez. A capacidade será de 60 tendas por pabellón e cada parcela será ocupada ata por 3 persoas. Contan con duchas, vestuarios diferenciados e aseos.

O campamento abrirá ás 17.00 horas do venres e pechará o domingo ás 14.00 horas.

A reserva pode facerse a través da páxina web, onde estará tamén toda a información e a normativa para poder instalarse os tres días do festival.

TRANSPORTE. O festival establecerá horarios especiais de transporte en horario de ida a Vilalba desde Lugo e A Coruña en liña regular.

Por outra banda, fletarán autobuses especiais para o regreso a estas cidades unha vez rematado o concerto no escenario principal. Será por tanto ás 4.30 horas para os dous casos.

Os autobuses saíran da rúa Cuart de Poblet, fronte ao CEIP Antonio Insua Bermúdez.

A biblioteca vilalbesa convoca unha nova edición do Reto Lector

O Concello de Vilalba convoca o concurso Reto Lector 2023, unha actividade coa que pretende fomentar a lectura e crear hábito de visitar a biblioteca como un espazo de lecer.

O concurso está aberto a todas as persoas usuarias xuvenís e adultas da biblioteca. Para participar, cómpre ser socio/a da biblioteca, no caso de non selo, a solicitude do carné da biblioteca é gratuita e realízase no mesmo momento.

A dinámica da actividade consiste en que a biblioteca selecciona un estilo ou xénero literario diferente cada mes e propón títulos desa temática. Cada mes, os participantes poderán ler un título da biblioteca enmarcado no tema proposto.

A primeira temática será a banda deseñada, que se corresponde co mes de febreiro. A casilla do mes de xaneiro poderá completarse durante todo o ano con relatos curtos.

Para verificar a súa lectura, os participantes poderán recoller na biblioteca unha cuartilla ata o próximo 28 de febreiro de 2023. As lecturas selaranse na cartilla dentro do correspondente mes. Unha vez remate o ano, recolleranse as cartillas que teñan seladas todos os meses entre as que se sorteará unha cesta de libros valoradas en 100 euros.

AULAS DE ESTUDO. O Concello de Vilalba anuncia ademais que, debido ao bo funcionamento da iniciativa, manterase o novo horario das aulas de estudo. Deste modo, esta zona xa non pechará ao mediodía, senón que o seu horario será ininterrompido de 10.00 a 20.30 de luns a venres.

¿ERES DESEMPLEADO/A Y TITULADO/A EN LA RAMA DE INGENIERÍA O TIENES UN CICLO SUPERIOR RELACIONADA CON LA MISMA?

TE OFRECEMOS ESPECIALIZACIÓN PRÁCTICA CON FUTURO Y UNA OPORTUNIDAD DE INSERCIÓN LABORAL INMEDIATA EN NUESTRA EMPRESA

FORMACIÓN HÍBRIDA EN:
PRESENCIAL (10%), AULA VIRTUAL (90%)
Especialista en Desenvolvemento de sistemas de información geográfica (SIX) con tecnología ESRI

INSERCIÓN DE UN MÍNIMO DEL 40% DE LOS PARTICIPANTES EN LA PROPIA EMPRESA GARANTIZADA

PLAZAS LIMITADAS
INSCRÍBETE LLAMANDO AL 982 22 26 49

PROVESTEGAL

¿ERES DESEMPLEADO/A Y TITULADO/A EN LA RAMA DE INGENIERÍA O TIENES UN CICLO SUPERIOR RELACIONADA CON LA MISMA?

TE OFRECEMOS ESPECIALIZACIÓN PRÁCTICA CON FUTURO Y UNA OPORTUNIDAD DE INSERCIÓN LABORAL INMEDIATA EN NUESTRA EMPRESA

FORMACIÓN HÍBRIDA EN:
PRESENCIAL (50%), AULA VIRTUAL (50%)
Especialista en Geotecnologías aplicadas a las infraestructuras de transporte

INSERCIÓN DE UN MÍNIMO DEL 40% DE LOS PARTICIPANTES EN LA PROPIA EMPRESA GARANTIZADA

PLAZAS LIMITADAS
INSCRÍBETE LLAMANDO AL 982 22 26 49

SITU

“Traballamos priorizando o servizo ás persoas e ás familias”

Elba Veleiro, a alcaldesa socialista de Vilalba, remata a súa primeira lexislatura

A asemblea da agrupación socialista deu o seu apoio unánime á actual alcaldesa co obxectivo de dar continuidade ao proxecto que se iniciou no 2019, ano no que foi arrebatada a alcaldía ao Partido Popular tras máis de 40 anos no goberno.

Pode facernos un balance desta lexislatura, a primeira socialista tras 40 anos de goberno do PP?

Un balance claramente positivo. A pesar de ser unha lexislatura complexa e difícil por causas sobrevidas e imprevistas que reduciron notablemente o tempo real de actuación para marcar as diferenzas cos 40 anos anteriores, creo que o grupo de goberno socialista fomos quen de dar pasos para conseguir implementar o noso ideario, o noso programa que foi maioritariamente apoiado pola veciñanza que vía a necesidade dese cambio de rumbo, que quería outra forma de facer, outra forma de xestionar: con honestidade, con transparencia, con igualdade de oportunidades para todos, con respecto e con dignidade. Non é fácil nun período dunha lexislatura trasladar á realidade un cambio tan notable como o que precisa Vilalba e menos si se ve recortada case á metade do tempo efectivo. Seguimos traballando arreo para conseguilo, esperando que os vilalbeses e as vilalbesas manteñan a súa confianza no proxecto socialista.

En que eidos cre que se produciu un cambio máis notable?

En todos. O modelo socialista responde a unha forma diferente de interpretar a xestión do Concello con transparencia, honestidade, defendendo dereitos como a liberdade, a xustiza ou a igualdade en todos os eidos. Traballamos sempre priorizando o servizo ás persoas e ás familias na procura do seu benestar e non escatimamos esforzos para poñer a Vilalba no lugar que lle corresponde no século XXI. Podemos concretar con algúns exemplos, como en materia de urbanismo, con proxectos que tratan de devolverlle os espazos ás persoas coa humanización das rúas e a tan

importante accesibilidade, respectando o medio ambiente, a sostibilidade dos recursos, a eficiencia enerxética e a modernización dunha Vilalba que estaba ancorada no pasado.

Tamén se deu un cambio notable ampliando o abano da oferta cultural para todos os públicos, de todas as idades, en diversas formas, dando valor á cultura da nosa terra, das nosas raíces, da que nos alimentamos para seguir crescendo como pobo e como país. Iniciamos a prestación de servizos que non son competencia do Concello pero que asumimos para facilitar ás familias ben a Conciliación persoal e laboral como son o Servizo de Madrugadores nos colexios ou o Servizo de Comedor na Escola de Educación Infantil (*parvulario*) ou ben para que non tiveran que desprazarse fora do concello para recibir unha atención específica como é o caso do Servizo de Atención Temperá.

Tratamos de marcar a diferenza coa bandeira da igualdade, do total respecto a todas as persoas á marxe das súas condicións de vida, pensamento e ideas. Tratamos de visibilizar e poñer en valor o papel da muller en todos os eidos, e recoñecer a algunhas delas que case caeran no esquecemento. Avanzamos en materia de prevención da violencia machista con obradoiros en centros de ensino, así como promovendo xuntanzas coas mulleres do rural. E tivemos unha especial sensibilidade para achegar a cultura e as festas a aquelas persoas con discapacidade auditiva, algo que nunca antes se fixera.

Que queda pendente de rematar este ano?

Supoño que a mira está xa posta na próxima lexislatura.

Que grandes proxectos hai en marcha?

Completar os proxectos que están en marcha como a reforma do edificio do concello para o que o MITMA concedeu unha subvención de un millón de euros sendo este proxecto seleccionado entre os mellores de España por estar dedicado a habilitar

un espazo funcional, moderno, con plena accesibilidade física, sensorial e cognitiva, tanto para os traballadores como para os usuarios e sobre todo para reducir considerablemente o consumo enerxético, para converter a casa do concello nun edificio sostible cunha serie de actuacións que logren un consumo enerxético mínimo. Ademais na elaboración deste proxecto fíxose un proceso participativo contando coas suxerencias de representantes de asociacións, traballadores, Anpas.

Tamén continuamos coas obras que corresponden ás distintas fases do Convenio asinado coa CHMS por máis de 3 millóns de euros para actuacións na mellora do Ciclo da Auga. Actualmente na 1ª fase a construción dun pozo de tormentas e melloras na Depuradora dos Pasos. No Rural a idea é executar as obras en vías de comunicación previstas para esta anualidade, rematando as xa iniciadas e realizando as que se están sacando a licitación nestas datas e as que se irán desenvolvendo en próximos meses.

Nesta lexislatura as inversións no Rural foron de preto de 2,5 millóns de euros. Hai que continuar coa mellora nas telecomunicacións tan necesarias para facer máis doada a vida laboral, o acceso á formación e á cultura e mesmo ó lecer a quen escolla vivir máis preto da natureza. Seguir achegando a fibra óptica a barrios e parroquias. Tamén estamos pendentes de resolución de solicitude de subvención para dous proxectos en relación có Camiño de Santiago, unha por valor de 1,5 millóns de euros e outro por 500.000 euros para activar outro importante recurso turístico do noso concello.

Sen esquecer que temos que rematar as obras das Piscinas municipais na Madalena. Unha infraestrutura que, ademais de servir para o lecer e desfrute da veciñanza, vai ser un atractivo máis para chamar a visitantes de outros lugares que contribúan á reactivación económica da nosa vila.

E xa entrando polo miúdo, que plan de finalización de traballos hai para



as piscinas de verán na Magdalena?

Está previsto rematar cara finais de maio para xa este verán poder desfrutar das instalacións tanto por parte dos vilalbeses e das vilalbesas como das persoas que se acheguen doutros lugares.

Finalmente, que futuro terá o Mupav? Está previsto que continúe?

Estamos no proceso de regularización da situación administrativa do Mupav que é un proceso complexo que conleva a implicación de administracións, institucións e particulares. En breves datas convocaremos unha reunión das partes implicadas para avanzar neste procedemento. A vontade é de que, despois de solucionados estes problemas arrastrados desde vai moitos anos, Vilalba poida contar cun Museo de Prehistoria e Arqueoloxía activo ó nivel que lle corresponde.

Que data de finalización para as obras da Pravia podemos manexar. Ao final a obra complicaouse polo estado das infraestruturas, non?

A rúa da Pravia é un exemplo paradigmático de actuación urbanística seguindo as bases do modelo de vila sostible e accesible que queremos desde o equipo de goberno socialista. Para elo encargamos un Estudo de Mobilidade e Espazos Públicos que marcara as liñas estratéxicas para recuperar espazos para as persoas e reordenar as rúas para favorecer o sector servizos, o comercio e a hostalería. As obras na rúa da Pravia forman parte dese Plan Xeral de Humanización e reordenación pero tiveron que afrontarse con urxencia para resolver os graves problemas que existen nas canalizacións, moi antigas, obsoletas e mesmo con risco de poder afectar

ás persoas ou ós bens materiais. Xa de por sí unha obra complexa que se complicou por falta de coñecemento da situación real das infraestruturas, planos, estado actual das canalizacións, etc. A pesar diso contamos con ter rematado o groso da obra a finais de abril.

Que plans hai a nivel industrial, concretamente no polígono?

Estamos traballando para lograr a expansión do polígono e favorecer así o asentamento de empresas que xeren postos de traballo que garantan o desenvolvemento de proxectos de vida no noso concello. O máis inmediato será sacar á venda as parcelas de titularidade municipal procedentes do Plan de Sectorización da empresa Entrepinares. Tamén estamos progresando no proxecto de ampliación do polígono industrial. Este luns tivemos unha reunión co persoal encargado de dito proxecto que nos trasladou o avance no mesmo de forma que esperamos poder concretar neste trimestre.

Cales son as principais necesidades a día de hoxe para Vilalba?

Vilalba precisa seguir progresando. O noso papel é o de identificar con claridade as necesidades e priorizar actuacións; manter nas mellores condicións posibles aqueles servizos necesarios para a convivencia e o benestar das persoas. Cambiar a visión global do pobo actuando sempre en aras de lograr que Vilalba sexa un concello activo, dinámico, accesible, sostible, moderno e atractivo para vivir e tamén para visitar, que explote o seu grande potencial de cara ó turismo, que mire ó futuro con ilusión renovada, coa confianza de que o mellor está por vir.



“Apostamos por unha pastelería artesá moito máis saudable”

Eduardo Balsa, xerente e pasteiro en Êbos, obradoiro doce

No mes de agosto do ano pasado abriu as súas portas en Vilalba Êbos, unha nova forma de entender a pastelería. Situados na rúa Campo de Puente, abren de martes a venres de 7.00 a 14.00 e os sábados, domingos e festivos de 8.00 a 14.30. Pechan os luns para descanso.

Por que escolleron Vilalba?

Tanto a miña muller coma min levamos vivindo en Vilalba desde o 2007, ela co seu negocio aberto desde o 2015. Polo que temos a nosa vida xa montada aquí, e non víamos un mellor sitio para empezar este novo proxecto que no lugar onde vivimos

Como xurdiu a idea?

Eu estudei hostalaría en Lugo e desde o 2003 ata o 2017 foi ao que me dediquei. Sempre estivo rondando na cabeza a idea dun negocio propio, no cal puidera elaborar e crear cousas, pero por circunstancias nunca se materializaba. No 2017 decidín estudar pastelería e formarme nese sector, e despois de traballar nalguna pastelería, vin que podía xuntar a miña experiencia na hostalaría co que estaba aprendendo en pastelería e abrir un negocio, pero chegou a pandemia e pospúxose todo ata finais do 2020, que foi cando apareceu esta oportunidade.

Que tipo de produtos venden?

Temos unha selección de *bollería*, que abarca croissants, croissants recheos, napolitanas, *pan suisse*, *rolls*, *croïpan*, etc... E proximamente sacaremos algunha cousiña máis. Despois, temos unha selección de pastelería pequena de luns a venres e máis ampla as fins de semana, todo elaborado en fresco día a día. Sen esquecer as tartas por encarga.

Que particularidade teñen os seus produtos?

Creo que a particularidade é que ela-



boramos un produto fresco, con moi boas materias primas, e facémolo todos os días. Nós non abrimos polas tardes e moita xente que nos chega a última hora quere ver variedade, pero nós cremos que o mellor é comer un pastel acabado de facer e elaborado, por iso sempre recomendamos que nos reserven.

Cal é o seu selo distintivo?

Eu creo que o que nos diferencia é apostar por unha pastelería artesá máis saudable, baixando as cantidades de azucre, utilizando graxas de calidade sen aditivos. Apostar por un obradoiro artesán no que o que salga del teña sabor e unha presentación diferentes.

Cales son os máis demandados?

A *bollería* sen dúbida é o máis demandado, despois o *hoxaldre* e as cañas. De pasteis non poderíamos dicir un, porque a verdade é que o que fomos sacando de novidades tivemos moi boa aceptación.

Que tipo de clientela é a máis habitual?

Abarcamos un amplo rango, porque

podemos ter a primeira hora traballadores que entran ou saen dos seus postos de traballo, xente nova, de mediana idade, xente que leva para a casa o almorzo ou pasteis, etc.

Cales son as últimas novidades que teñen?

Agora mesmo estamos en pleno proceso de deseño da vitrina de San Valentín, así como xa pensando na Pascua e facendo probas para algunha novidade que meteremos proximamente. Tamén estamos co cambio de carta, que faremos por marzo ou abril máis ou menos.

Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Ben, creo que de momento asentar este proxecto, que só leva 5 meses funcionando, deixalo medrar. É verdade que temos máis proxectos en mente para pór en marcha neste sector, pero de momento estamos centrados en que a xente nos siga coñecendo, e seguir ofrecendo cada día máis produtos, que temos para sacar bastantes cousiñas de cara a este ano xa.

O PP de Vilalba propón un plan de medidas para o rural

O PP defende que “o goberno local debe implicarse e traballar para achegar os servizos á zona rural e non abandonar aos veciños e veciñas que vivan máis afastadas do casco urbano”. É por iso polo que os concelleiros do Grupo Municipal Popular propuxeron aprobar unha iniciativa para corrir “a situación de abandono da zona rural por parte do equipo de goberno socialista, que en máis de tres anos e medio de mandato, non ten presentado nin esbozado ningún proxecto para o conxunto das parroquias vilalbasas”.

A voceira e candidata do PP á alcaldía, Sandra Vázquez, sinala que “un concello coma Vilalba cunha extensión de 380 quilómetros cadrados e unha dispersión poboacional que

alcanza os 600 núcleos require un gran esforzo de xestión e implicación por parte do goberno local; pero, para o goberno liderado pola señora Veleiro non é primordial atender as parroquias da zona rural, as súas 29 parroquias, e tampouco ás persoas que viven nelas”.

Os populares propoñen iniciar o expediente, cumprindo coa legalidade vixente, para que o Concello de Vilalba elabore un plan de camiños, cun investimento anual de 1.000.000€ con fondos propios e doutras administracións, para atender ao aglomerado, a rexeneración e a reparación das vías municipais. Así mesmo propoñen un proxecto de abastecemento de auga, cun investimento de 500.000€ anual, para atender as demandas das parroquias.

Vilalba Aberta escolle aos candidatos para as municipais

Vilalba Aberta ven de facer públicos os nomes dos 20 veciños/as que darán forma á listaxe da súa candidatura de cara ás vindeiras Eleccións Municipais. O anuncio, que chega logo do publicado o domingo e relativo ao nomeamento de Modesto Renda coma candidato á Alcaldía, revela unha lista moi renovada que incorpora ata 8 caras novas con respecto á presentada en 2019 e que destaca polo importante peso das mulleres (12 mulleres e 8 homes), sendo este protagonismo de especial relevancia nos primeiros postos da Candidatura.

Así, o número 2 será de novo para María Xosé Fernández Pardo, actual concelleira e vicevoceira municipal da formación. Ségua no número 3 Tamara Rodríguez López, traba-

lladora autónoma de 42 anos. No número 4 repite Mónica González Fernández, persoal laboral no sector público e actual responsable de organización da formación.

Tamén repite no número 5 Carlos Xosé Currás. A primeira cara nova con respecto á lista presentada hai catro anos vémolala xa no posto número 6, coa presenza de Ana Paredes Rodríguez. Na sétima e oitava posición aparecen o bombeiro forestal Luís Barrio Díaz e a segunda novidade da candidatura, a autónoma e agricultora Nadia Río.

A seguinte novidade atopámola no posto número 9 coa presenza de Inés Poupariña Naseiro. Completan a lista María Xesús Ferreiro, Francisco Roca Fernández María Pérez Iruavedra, Iria Currás Gato, Xosé Lois Paz.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito

O CONCELLO DE VILALBA investiu neste mandato municipal máis de dous millóns e medio de euros na renovación da rede viaria no rural.



Alba



Concello de Vilalba

O CONCELLO DE VILALBA INVESTIU NESTE MANDATO MUNICIPAL MÁIS DE DOUS MILLÓNS E MEDIO DE EUROS NA RENOVACIÓN DA REDE VIARIA NAS SÚAS PARROQUIAS, UNHA PRIORIDADE DO GOBERNO LOCAL PARA MELLORAR AS COMUNICACIÓNS E A SEGURIDADE.

O concello realizou os traballos en vías e camiños, moitos dos cales son de acceso ós barrios e núcleos de poboación das parroquias e teñen unha importancia fundamental para a circulación de vehículos lixeiros, pesados e maquinaria de todo tipo en dirección ás vivendas, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

A maior parte das actuacións consisten na limpeza de noiros e tubaxes; a mellora do drenaxe; o recargo e nivelación das capas base; a pavimentación e a sinalización vertical das interseccións.

As obras xa se realizaron na súa maioría pero hai outras que están en proceso de licitación e adxudicación. A mellora da rede viaria nas parroquias continuará ademais con novas partidas e actuacións, dando resposta á demandas veciñais.

Nas últimas semanas, por exemplo, o concello anunciou a renovación de varios vías na parroquia de Carballido, un deles na estrada LU-P-6504; o segundo da LU-P-6504 ao núcleo de Oroño, e o terceiro da LU-P-6504 ao límite co Concello de Abadín.

Tamén adxudicou obras de pavimentación en 14 vías nas parroquias de Santaballa, Codesido, Distriz, Gondaisque e Tardade; e o acondicionamento de varias vías na parroquia de Alba, nos núcleos de Len e Penarredonda, e na parroquia de Belesar.



Goiriz



Nete



Carballido



ACTUACIÓNS POR PARROQUIAS	BARRIOS E LUGARES ONDE SE ACTUOU E SE VAI ACTUAR
YOIBÁN	A Granda e Cadavás
VILAPEDRE	Fraguas
TARDADE	Igrexa e Os Tineos
SANTABALLA	Millares, A Ribeira, O Carrizo, A Vesura, Vilasuso, Regobello, A Pereira, As Veigas e O Casal
SANCOVADE	O Barral, Os Muíños, A Frouxeira e Cabanas
SAMARUGO	Campomaíor, Portocego, O Palleiro, Cornide, Lobán, O Foxo e Corvelle
ROMÁN	O Pedrouzo, A Carboeira, Fontemarin O Pazo-Igrexa, O Valiño, A Revolta, Bouzamelles e do Ceip Román a LU-P6504
RIOAVESO	Fontevella, Grandela, As Campelas-Igrexa, Vilaester Carracelas, Vilamartín, Sabugueiros, e da LU-120 a LU-P6514
OLEIROS	Cabanas, O Carboeiro e Agadín
NETE-LADRA	Cabanas, A Braña, Aguiar, Lourixe, Carpaceiras, O Curro, O Caxigal e Reboredo
LANZÓS	Fontesalgueiro, O Curadoiro, O Adro, Fontevella, As Penelas, Vilate, Muruxás, O Picouto e A Veiga
GOIRIZ	O Picouto, Fonteira, Casanovas, Bidueira, Pumariños, A Uceira, Fontesalgueiro, Ramalleira e Broz
DISTRIZ-GONDAÍSQUE-MOURENCE	Bustelo, Igrexa, Gondebol, Fontechousa, Fontedor e Corvite
CORVELLE	Fornos, O Foxo, Samarugo-Corvelle, Fontevella-Carballal e Campelos
CODESIDO	Caldeirón, Cascamaño, Rebordelo, Fontevella, O Cordal, A Torre, Regoatraveso, Ferreira e Ferreira de Suso
CARBALLIDO	Veiga da Pena Grande, A Pedreira, Lamelas, As Muras, Pico de Abaixo e A Rega
BOIZÁN-ALBA-NOCHE	Penelas, Louseira, Carralmaíor, Marcelle, Amarigo, Casanovas e O Iglesiasario-Coea-Agadín
BELESAR	Penarredonda, Len e Iglesia
ÁRBOL	Grandavella, O Fondal, O Barreiro, Espiñarido, Ceip Román a LU-P6504, Moscarán, O Couto e Igrexa desde LU-120
A TORRE-INSUA	Saá, Rebordaos, Marcelle desde Insua, Igrexa a Torre e Marcelle
SAN SIMÓN DA COSTA	Os Acivros, Racamonde, Catadoiro, A Besta de Arriba, A Seara, Pardasalbas, Os Fornos, Villardebín e Ventoselos

O Pleno aproba o plan de prevención para os incendios forestais

O Pleno do Concello das Pontes aprobou, por unanimidade durante a sesión ordinaria, o primeiro Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais, cumprindo, deste xeito, coas obrigas legais vixentes establecidas pola lei 3/2007 de prevención contra os incendios forestais de Galicia.

O documento aprobado incorpora unha análise territorial e xeográfica dos 249 quilómetros cadrados do termo municipal atendendo a cuestións relacionadas co medio natural tales como a climatoloxía, a edafoloxía, a hidroloxía, a flora e fauna así como os espazos protexidos.

O Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais inclúe tamén unha análise do risco de incendios no concello, elaborado a partir dos datos subministrados pola Consellería de Medio Rural relativos ao período 2008-2020, para establecer unha serie de accións sobre o territorio municipal para organizar a xestión da biomasa en zonas estratégicas, especialmente nas declaradas de alto risco e prever así a propagación de incendios forestais.

Deste xeito, establécense redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas estratéxicamente localizadas que posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, de infraestruturas, equipamentos sociais, zonas edificadas e polígonos industriais e faixas terciarias localizadas en terreos forestais vinculadas a infraestruturas de uso público como camiños, vías, estradas de titularidade municipal, pistas forestais, faixas auxiliares de pistas o áreas cortalumes.

Reforzan o servizo de préstamo de produtos de apoio á mobilidade

Vénse de reforzar o banco de produtos de apoio para persoas con mobilidade reducida coa adquisición de 16 novos dispositivos de asistencia, valorados en 17.000 euros e adquiridos con fondos da Deputación.

O obxectivo desta iniciativa, en palabras de Tania Pardo, concelleira de Benestar Social é “continuar facilitando a vida das persoas en situación de dependencia ou con mobilidade reducida así como a das persoas cuidadoras. Con este servizo de préstamo buscamos mellorar, entre outros aspectos, o nivel de autonomía das persoas usuarias, facilitar as actividades da vida cotiá e promover cuidados de calidade que salvagarden a saúde das persoas cuidadoras”.

Trátase dun servizo municipal que



ofrece cadeiras de rodas, andadores, camas articuladas, colchóns anti-escara, cadeiras de duchas e grúas así como outro tipo de produtos de apoio- muletas e bastóns- a persoas con mobilidade reducida ou en situación de dependencia, de todas as idades e empadroadas nas Pontes.

O préstamo é de carácter temporal

e gratuito. Para poder solicitar un destes recursos é preciso poñerse en contacto co Departamento de Benestar Social, onde o persoal técnico valorará a situación, a necesidade da persoa solicitante para realizar o préstamo do elemento máis apropiado, na maior brevidade posible e durante o tempo que o precise.

As Pontes renova o seu plan de transporte colectivo a polígonos

O plan de transporte colectivo aos polígonos industriais, impulsado no ano 2015 polo Concello das Pontes, en colaboración coas diferentes empresas asentadas nos parques industriais, supón un importante aforro para as familias da vila.

Ana Pena, concelleira de Industria e Emprego destaca que “fomos pioneiros na implantación dun servizo, renovado para o ano 2023, do que se benefician moitas familias na nosa vila e que, a día de hoxe, tendo en conta o alto prezo do combustible, supón un aforro para cada familia de

case 3.000 euros. Ademais moitas familias xa non teñen que asumir os gastos dun segundo vehículo, que en moitos casos, só necesitaban para desprazarse ao posto de traballo, coa redución de gastos que implica”.

Durante o ano 2022, realizáronse un total de 1.179 viaxes, seis diarias durante os días laborables e tres durante as fin de semana, que supuxeron un total de 7.848 traslados, dándolle cobertura aos horarios laborais de entrada e saída das diferentes empresas beneficiarias deste plan, por medio de diferentes rutas circulares

que percorren toda a vila.

A concelleira resalta que entre as principais vantaxes deste plan de transporte destacan a redución do estres que provoca a condución, a diminución dos accidentes intinere así como redución do absentismo laboral, permitindo ao mesmo tempo facer un mellor usos dos espazos de aparcadoiro.

Ademais, o plan de transporte aos polígonos supón unha redución anual das emisións de CO2 dun 7.100%, calculadas para o desprazamento de 50 persoas traballadoras.

Ponse en marcha a sétima edición do Reto Lector

A Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco pon en marcha a sétima edición da iniciativa O Reto Lector, destinada a fomentar a lectura entre os usuarios e usuarias de Biblioteca Municipal e entre toda a veciñanza interesada no mundo da literatura.

Os veciños e veciñas que desexen unirse a esta iniciativa, deberán ler, no caso do público infantil, 12 títulos mentres que o público adulto (a partir dos 14 anos) deberán ler 12 libros do catálogo de fondos bibliográficos da Biblioteca Municipal.

Establecéronse varias categorías. No caso do público infantil, son un libro de aventuras, un libro recomendado, un libro cunha portada chamativa, un libro de poesía ou teatro e un libro que pertenza a unha colección.

Asemade terán que ler un libro dun autor ou autora galega, un libro que teña un título composto por tres palabras, un libro cun número no título, un cómic ou álbum ilustrado, un libro que teña un animal na portada, un libro de ciencia ou ciencia ficción así como un libro de fantasía, lendas ou mitos.

O público adulto terán que elixir 12 títulos entre eles un libro clásico da literatura, un libro romántico, unha obra da literatura asiática, un libro infantil, un título de materias relacionadas coa saúde física ou mental, un libro de fantasía e literatura da Comarca.

Tamén terán que ler un libro dunha autora feminista, un libro de poesía, unha novela negra galega, un libro de temática bélica e un título da literatura nórdica.

Os lectores e lectoras que logren completar o reto, ao finalizar o ano, recibirán un recoñecemento ao seu compromiso coa lectura.

TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

REBAIXAS 50%

Aforra
198€!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

22€ /mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!



adamo
A mega fibra

Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 10/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinábel con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (PVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (PVE incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A vila vivirá a Feira do Grelo e o Entroido por todo o alto

A Feira do Grelo do Concello das Pontes celebrará os días 18 e 19 de febreiro a súa edición número 42.

As actividades comezarán o sábado, ás 11.00 horas da mañá, na rúa Ramón Cabanillas, cunha exhibición de torneado e talla de madeira a cargo da Asociación Amigos da Madeira das Pontes. Nesta mesma rúa e a mesma hora abriranse os postos de venda de produtos autóctonos de alimentación, agasallos, cosmética e pezas de xoiería.

Por outra banda, os grupos de música tradicional No Cómbaro, Contiños da Feira, Alxibeira e Axóuxere percorrerán as rúas do centro do pobo ata as 14.00 horas.

A música regresará ás 00.00 horas cun concerto, no patio do Colexio Santa María a cargo da formación Virtual Project, cun repertorio de versións diferentes, que vai desde o rock nacional ao pop rock internacional dos anos 80's 90's e 20's, con máis de 50 obras de éxito e cantadas maiormente por voces femininas.

O domingo, o día grande da Feira do Grelo, as actividades arrincarán co tradicional concurso de cestas no patio do Colexio Santa María. Os produtores poderán presentar as súas cestas de grelos ata as 10:00 da mañá e ás 11:00 horas o xurado fará entrega dos premios.

Os participantes optarán a tres premios, á mellor calidade do grelo, de 400, 300, 200 euros e a 5 accésits de 75 euros cada un. O premio especial Alexandre Pérez Sindín, á cesta mellora valorada terá unha contía de 300 euros e inclúe unha peza de artesanía doada pola Asociación Amigos da Madeira.

A partir das 10.00 horas volverá á rúa Ramón Cabanillas a exhibición de torneado e talla de madeira da Asociación dos Amigos da Madeira das



Pontes e comezará a venda de produtos autóctonos de alimentación e de artesanía.

Desde as 11.30 horas ata as 14.00 horas, as rúas da vila encheranse de música cos pasacalles das formacións Charanga Santa Compañía, A Xoldaina, Canavella, Contiños da Feira, Os Ferozes da Galgueira e Os Trevillas.

A partir das 13.00 horas, no patio de Santa María celebrárase a degustación popular, que incluírá un menú composto por sopa, cocido con grelos, costela, lacón, chourizo, garavanzos e patacas, incluíndo o pan e a bebida. O prezo será de quince euros por persoa e o menú estará dispoñible para levar. Por outra banda, todas aquelas persoas que queiran degustar freixós, deberán trasladarse ata o solar de Don Pedro.

Durante a xornada dominical a música terá de novo un papel protagonista nas rúas da vila, a partir das 16.00 horas, cos pasacalles dos grupos Faíscas da Pontraga e Sondaquí

O broche de ouro porao o concerto do grupo A Roda, a partir das 18.00 horas no Auditorio Cine Alovi.



DISFRACES. O Concello premiará con case 7.500 euros os mellores disfraces que participen na cabalgata de Entroido que se celebrará o martes, 21 de febreiro, a partir das 17.00 horas.

No concurso para as persoas adultas haberá unha categoría para grupos, na que se diferenciarán dúas modalidades. Así, os grupos de máis de 10 persoas optarán a cinco premios de 700, 500, 300, 200 e 100 euros mentres que, entre as agrupacións de ata 10 integrantes repartiranse cinco premios de 500, 400, 300, 200 e 100 euros, respectivamente.

Ademais, premiaranse ás cinco primeiras parellas adultas clasificadas con 175, 150, 125, 100 e 75 euros, respectivamente e, na categoría individual, as persoas adultas que tomen a saída no desfile poderán gañar 125, 100, 75 e 50 ou 25 euros se se sitúan entre os cinco disfraces máis valorados polo xurado.

As Pontes tamén premiará aos/as participantes máis novos/as. Ademais haberá 40 premios, de 30 euros cada un, para os nenos e nenas participantes na modalidade meniñ@s (menores de ata 6 anos, incluídos).

Sae a concurso a xestión da caseta do parque



O Concello das Pontes aprobou o expediente de licitación para a concesión administrativa, uso privativo, do dominio público municipal para a explotación do bar A Caseta do Parque situado no parque municipal, por un período de 10 anos e cun canon mínimo anual de 2.727 euros.

O espazo municipal, cunha superficie total construída de 48,45 m2, consta dunha edificación con peche, carpintería e pavimento de madeira e cuberta de lousa, e está formada por catro dependencias: unha zona de soportal, unha zona

de almacén, unha zona de aseos e unha zona de bar, dispoñendo de instalación eléctrica e instalación de auga quente sanitaria.

A empresa adjudicataria estará obrigada a manter aberto ao público o bar todo o ano en horario de mañá e de tarde.

O prazo de presentación de ofertas será de 30 días naturais a contar desde o día 8 de febreiro de 2023. A documentación presentárase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, de acordo co previsto na Guía dos Servizos de Licitación Electrónica.

Un grupo sueco programa unha planta de amoníaco verde

Un grupo sueco anunciou un novo proxecto de enerxías renovables no concello das Pontes, para poñer en marcha unha planta de fabricación de amoníaco verde. Universal Kraft deseñou unha proposta que require un investimento de 240 millóns de euros e que podería xerar uns 210 postos de traballo.

O grupo sueco anuncia a creación desta planta de amoníaco verde dirixido á propulsión de buques, que se verán obrigados, de acordo coa

normativa europea, a empregar combustibles producidos a partir de fontes de enerxía renovable nos próximos anos.

O proxecto inclúe unha factoría con capacidade para producir 98.000 toneladas cun investimento previsto de 240 millóns de euros que se suma a outros proxectos industriais, como o do hidróxeno verde, xa programados para este concello. O alcalde, Valentín González Formoso, valorou positivamente o proxecto.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPPELIN

ANOVA



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

Néstor Rego urxe o concurso de transición xusta

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, esixe ao Ministerio para a Transición Ecolóxica que comece o concurso de transición xusta para a adjudicación dos nós de evacuación das Pontes e Meirama de forma "inmediata e urxente".

Para iso rexistrou unha serie de iniciativas na Cámara Baixa nas que reclama tamén que se convoque a mesa de transición xusta das Pontes, con participación de todos os integrantes, incluída a REE. O nacionalista fai referencia a que o resto de integrantes da mesa levan reclamando esta acción ao Miteco desde hai dous anos.

O BNG solicitou por outra banda a comparecencia da ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, para que informe sobre o concurso e a adjudicación do nó para As Pontes e Meirama.

Comeza a funcionar o servizo de apoio e xestión de axudas

Xa comezou a funcionar no concello das Pontes a Oficina de Servizo Integral de Xestión de Axudas e Financiación Pública (SIGAP). Un servizo, que se puxo en marcha coa colaboración de Seara e o respaldo do consultora Impulso, co que se busca prestar apoio, acompañar e asesorar ao tecido empresarial do municipio, ofrecendo unha ferramenta, completamente gratuita, que facilitará o acceso aos máis de 77.000 millóns de euros dos Fondos que a Unión Europea dispuxo para España.

Todas aquelas empresas que teñan un novo proxecto, unha ampliación ou unha mellora pode facer uso gratuito deste servizo, chamando á Seara para solicitar unha reunión.

As Pontes embelécese

Unha área de autocaravanas, unha senda peonil ou unha randeira son algunhas das actuacións

O Concello vén de inaugurar varias actuacións realizadas na vila e a súa contorna para fomentar o turismo. A estas únense outras actuacións en infraestruturas máis acomodadas ás necesidades da veciñanza.

AUTOCARAVANAS. Estase a construír na contorna do Lago unha área de autocaravanas. Unha actuación cun orzamento de 25.616 euros con cargo ao orzamento municipal. A nova área, localizada na rúa Blanco Amor, estará formada por unha plataforma, cun pavimento similar ao existente, onde se aparcarán as autocaravanas no momento de facer o autoservizo e incluírá novas conducións para o abastecemento de augas, con billas para lavado e para o subministro de auga potable.

Ademais, instalarase unha zona de baleirado para a vertedura de augas negras xeradas polos devanditos vehículos, conectada á rede de saneamento para a súa correcta evacuación á rede xeral.

SENDA PEONIL. Constrúese tamén no lago unha senda de acceso peonil, no espazo verde dentro da zona de servidume do lago, para mellorar as condicións de accesibilidade.

As obras, cun orzamento de 48.354,09€ e financiadas con fondos propios, consisten na execución dunha senda, sobre a cuneta existente, mediante a instalación dunha lousa de formigón e pavimento de plástico reciclado. A recollida das augas realizaranse mediante unhas gabias drenantes lonxitudinais a ambos lados da senda.

RANDEIRA. As Pontes vén de estreitar unha randeira de tres prazas situada na parte alta do talude do lago. Dende a súa ubicación contém-



plase unha das panorámicas máis impresionantes do concello, xa que dende alí poden verse uns 180 graos panorámicos sobre as augas tranquilas do lago e os montes da zona. Ademais, desde ese punto, pode observarse unha magnífica posta de sol nos días despxados.

Este banco tiña pensado instalarse ao mesmo tempo que as letras co nome da vila pero retrasouse debi-

do ao mal tempo e a que se estaba a buscar o lugar máis apropiado para a súa instalación. Finalmente escolleuse este punto, onde se actuará posteriormente e dentro da zona de paseo que utilizan moitos veciños.

LOCAL DO POLBO. Tamén están en marcha traballos de mantemento no local do polbo, un espazo de uso compartido onde diariamente e de

xeito permanente o longo do ano, se celebran distintas actividades e xuntanzas. As actuacións, dirixidas a reparar pequenos desperfectos ocasionados polo seu uso continuado, non interrompan as actividades nin o uso habitual do mesmo.

Ademais, vén de rematar unha nova obra de mellora como o novo cerrume colocado na pista indoor.

RÚA ANDURIÑAS. O Concello das Pontes adjudicou as obras de mellora da pavimentación e os servizos na rúa Anduriñas así como os traballos de traslado da marquesiña á rúa Camelias, un proxecto cun orzamento de 191.270 euros, con cargo á Deputación da Coruña.

Este proxecto permitirá a renovación da calzada e beirarrúas do viario co obxectivo de mellorar a súa accesibilidade para o que será preciso unificar a cota así como definir un único sentido de circulación, con espazo para aparcamento na marxe dereita do viario, en sentido da marcha.

As zonas de circulación diferenciaranse mediante o emprego de distintos pavimentos, seleccionándose as baldosas de formigón prefabricado para as bandas laterais destinadas ao tránsito peonil e as lastras de formigón na calzada central destinadas ao tráfico rodado de vehículos.

CAMIÑOS RURAIS. Tamén axudicou os traballos de reparación e mellora do firme nos camiños rurais das Gañidoiras, O Vilar e Os Cadavás-Paipaz á empresa Francisco Gómez e Cía S.L. As obras, teñen un orzamento de 134.944,51 euros. Tamén se adjudicaron, por preto de 60.000 euros, as obras de mellora dos camiños municipais en O Ramallal, O Caxado, A Castiñeira.

Clínica Médica
San Ramón
• En Vilalba •

- Revisións Auditivas **GRATUITAS**
- Revisión de su oído (Cerumen)
- Prueba **GRATUITA** de sus audifonos sin ningún compromiso de compra

***DESCUENTO HASTA EL 15% EN AUDIFONOS RECARGABLES PURE C&G**

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo

AUDÍFONOS SIEMENS

FINANCIACIÓN
hasta
18 meses sin
intereses



RECARGABLES **signia**



ED.
42

FEIRA DO GRELO

AS PONTES — 18 e 19/02/2023



As Pontes

Comezaron as obras do abastecemento de Roimil

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, comezou as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, que suporán un investimento de 253.000 euros. Os primeiros traballos que se están a desenvolver consisten na recepción do material, na colocación de instalacións auxiliares e na instalación da canalización de vertido desde a depuradora ata o río Parga.

Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, ten como obxectivo estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

A rede de saneamento proxectada componse dunha conduction principal, 2 colectores que



verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Tramitadas case 300 solicitudes para recursos de índole social

Dende os Servizos Sociais do Concello de Friol durante o ano 2022 foron atendidas algo máis de mil persoas, tramitándose 282 solicitudes para acceder a distintos recursos e prestacións. Cabe destacar unhas 40 solicitudes de valoración de dependencia, 24 solicitudes de valoración de discapacidade, 24 solicitudes de distintos programas de ocio para maiores, 17 solicitudes de bono social eléctrico e 10 de ingreso mínimo vital, entre outras, realizadas por este servizo.

Durante o ano 2022 foron atendidas unhas 130 familias a través do Servizo de Axuda no Fogar, con 32.617 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias.

Foron 107 as persoas usuarias recoñecidas con distinto grao de dependencia. Destacar que tres cuartas partes das persoas beneficiarias superaban os oitenta anos de idade e 23 das atendidas eran persoas que vivían soas no seu domicilio.

Este servizo é prestado polo Concello de Friol a través de unha empresa externa, con máis de 40 auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, sendo este equipo o encargado de executar este programa, tanto na modalidade de Dependencia como de Libre Concorrenza.

Cabe salientar que o contrato coa empresa adxudicataria do servizo está a piques de rematar, polo que desde os servizos técnicos do Concello están elaborando os pregos para convocar de novo o servizo, uns pregos que pretenden mellorar considerablemente as condicións económicas das traballadoras, así como os dereitos laborais de cada unha, desde o Concello estiman que no vindeiro mes de Febreiro comezará o novo proceso de adxudicación do servizo.

O alcalde José Á. Santos quixo ter unhas palabras de agradecemento para todas esas profesionais, "que-

ro repetir unha vez mais que son consciente de que este traballo, o de auxiliar na atención ás persoas maiores dependentes, vai máis aló da formación e da experiencia, é moi importante a vocación de axuda aos demais e a súa capacidade de adaptación para darlle a cada paciente no seu fogar o que precisa en cada momento, polo tanto, dende o Concello de Friol queremos agradecer a estas profesionais todo o esforzo que levan a cabo cada día para que os nosos maiores teñan a mellor calidade de vida posible, e isto non sería posible sen todas elas".

Segundo o alcalde indica que "o Concello continúa estando, e sempre o fará, ao lado dos nosos maiores, neste caso ao lado dos que teñen algún grao de dependencia dentro do noso municipio, porque consideramos que este é un servizo prioritario para a sociedade, e polo tanto, para o noso Equipo de Goberno".

Campaña sobre árbores autóctonas

A campaña Cousa de Raíces, en prol da defensa do bosque autóctono de Galicia e promovida por máis de 70 entidades, organiza unha acción simultánea *Mirando polos nosos bosques* para a fin de semana do 11 e do 12 de febreiro. Trátase dunhas xornadas de eliminación de invasoras e de plantación de árbores autóctonas que terán lugar en varios concellos de Galicia nos que se realizarán diferentes accións como plantación de autóctonas, eliminación de invasoras ou deseucaliptización.

Na provincia de Lugo será o concello de Friol o encargado de acoller esta actividade simultánea o sábado día 11 e que consistirá nunha plantación de árbores autóctonas. Para acudir será necesario previa inscrición.

Estudan as permutas voluntarias de terras

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, mantivo un encontro con veciños de Friol que se están a beneficiar das permutas voluntarias impulsadas en arredor de 400 hectáreas deste municipio. Durante a xuntanza, na que tamén estivo o alcalde, José Ángel Santos, o conselleiro puido comprobar a eficacia deste sistema de mobilización de terras e considerou clave para o seu desenvolvemento as melloras introducidas nas permutas pola Lei de recuperación da terra agraria. Nesa liña, avanzou que -segundo o recollido nesta norma- estas permutas se declararán

de especial interese agrario, o que suporá distintas vantaxes, entre elas unha liña de axudas para financiar os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade destas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, traballos de limpeza e a eliminación da necesidade de licenza de segregación, entre outros.

Así, neste concello lugués xa se levaron a cabo tres proxectos de animación sobre a reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias en terreos de varias parroquias. Nesta primeira fase, puxéronse as bases para levar a cabo un proxecto piloto de ordenación en



ditos terreos, en estreita colaboración cos beneficiarios e dándolles a coñecer as particularidades desta figura incluída na Lei de recuperación. Precisamente, o conselleiro agradeceu o apoio do Concello de Friol no desenvolvemento desta iniciativa.

Agora, anunciou o conselleiro, ao longo deste ano comezarase cun cuarto proxecto de cooperación -financiado ao igual que os outros tres

pola medida Leader- que consistirá en poñer en práctica en tres zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas. Neste caso, o importe da axuda ascende a 117.000 euros. Neste senso, os encargados de levar a cabo ditas iniciativas serán os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) das comarcas de Lugo, Ordes e Pontevedra Norte.



A vila de Friol albergará o Polo de Emprendemento para 26 concellos

O Concello de Friol anunciou o plan de ser a sede do Polo de Emprendemento da Área Central da provincia de Lugo, que se situará na primeira planta do Centro Sociocultural.

Este Polo de Emprendemento e apoio estará xestionado inicialmente por tres profesionais, dous con perfil técnico e outro posto será ocupado por un perfil de carácter administrativo. Contará con toda a primeira planta do Edificio sociocultural de Friol, un espazo de traballo que ronda os 250 m² no que se instalarán as oficinas, salas de reunións, así como aulas de formación e asesoramento, ao cal desde a Consellería se destinan 120.000€ para as obras, mobiliario, así como para todos os equipos informáticos e técnicos necesarios para poñer en funcionamento este Polo.

Desde Friol, con este Polo darase cobertura a 26 municipios da área centro da provincia, entre os que se atopan o propio Friol, Abadín, Castro de Rei, Cospeito, Xermade, Begonte, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Castroverde, O Corgo, Guntín, Outeiro de Rei, Rábade, Triacastela, O Incio, Samos, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Sarria, Lánchara e ata o propio



municipio de Lugo.

Desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade estiman que o Polo de Friol estea en funcionamento a primeiros do mes de abril, un Polo de Emprendemento que se pretende dinamizar e captar proxectos, ofrecendo servizos de información sobre oportunidades de emprendemento, asesoramento personalizado para cada territorio, espazos de traballo temporal e networking, así como tamén a captación de investimento e financiamento, orientación, asesoramento e recursos físicos. Os interesados e promotores de proxectos de diferente índole, ademais, poderán acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu

investimento e a xeración de postos de traballo.

APOSTA POR FRIOL. A Xunta de Galicia aposta por este mecanismo para fomentar con decisión a iniciativa empresarial para dinamizar o mercado de traballo e fixar emprego, atendendo ás demandas dos diferentes territorios.

Cando remate este ano, Galicia disporá de doce polos en funcionamento, contando os cinco que xa están funcionando e os sete que se van poñer en marcha en este primeiro trimestre do ano. Para poñer en marcha estes últimos, e para o impulso de axudas ás iniciativas xurdidas nos mesmos, a Xunta destinará 9,2 millóns de euros en este 2023.

Supervisan as obras do centro de saúde local



O delegado territorial de la Xunta en Lugo, Javier Arias Fouz, o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, acompañados polo alcalde de Friol, José Ángel Santos Sánchez, visitaron as obras de reforma do centro de saúde de Friol

O orzamento executado foi de máis de 48.000 euros e foi froito dun convenio entre Xunta e Goberno local ao tratarse dun edificio de titularidade municipal. Pola súa parte, o Concello foi encargado de levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras coa redacción do documento técnico necesario os traballos, licitación e execución das mesmas.

As obras consistiron na substitución

de carpinterías exteriores, no aumento da superficie da sala de espera de pediatría, reparación de revestimentos vinílicos por problemas de condensación e revestimento de pintura nas zonas que está deteriorado.

Nesta lexislatura, o goberno galego asinou máis de 25 convenios para achegar máis de 832.000 euros a reformas de centros de saúde dos que tamén sufraga os custos ordinarios de mantemento.

Así, desde o 2017, a distribución que a Xunta fai do Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local inclúe a previsión de compensar os custos de mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal.

Antroido Val de Francos 2023



Vide todos ao Antroido!!!
Haberá música de calidade,
Virán 50 Valuros
Eureka e máis Saudade

Temos moitos agasallos
Pódeche tocar un xamón
Quitache a fame da casa
É axudas a comisión



CONCELLO DE
CASTRO DE REI

ANTROIDO 2023
VAL DE FRANCOS
(CASTRO DE REI)
ANSEMAR, BALMONTE E GOBERNO

MARTES 21 FEBREIRO
SAUDADE DE VIGO
EUREKA DA CORUÑA
OS VALUROS DE CASTRO DE REI

17:00 Actuación "OS VALUROS"
17:30 Grupo EUREKA
18:30 SERMÓN E QUEINA DO ANTROIDO con SESIÓN DE PIROTECNIA
A CONTINUACIÓN SORTEO DE VARIOS AGASALLOS
19:30 Festa rachada ata que o corpo aguante con
SAUDADE e GRUPO EUREKA
- CAMPO CUBERTO CON CARPA -

Concello de CASTRO DE REI

PROCESO DE LICITACIÓN
FEBRIZ
LUGO
91 428 54 54

Comeza a restauración dos frescos dos Vilares



Comezaron xa os traballos de restauración dos frescos dos Vilares tras varios anos de demandas por parte de diferentes colectivos locais, municipais e tamén comarcais, que acadaron os seus froitos. Estas xoias pictóricas chairegas do século XVI voltarán ser desfrutadas no seu esplendor.

Foi esta unha demanda que chegou ao Parlamento Galego e que mesmo motivou entrevistas con outras institucións como o Concello de Guitiriz, a Deputación de Lugo e o arzbispado, conferencias na UFC, carteis, dípticos, paineis na igrexa, un spot, unha iniciativa poética e mesmo a inclusión das pinturas na *lista roja* de patrimonio do Estado.

Nos próximos meses poderase desfrutar novamente dunhas pinturas únicas da autoría dos mestres de Parga e Nogueira que no século XVI crearon estas obras na nave central da igrexa con motivos paisaxísticos, a lamentación do Cristo Morto, o enterro do Conde Orgaz ou a imposición da Casillas de San Ildefonso (única desa temática en Galicia), todas elas de grande calidade artística de estilo gótico hispano flamenco.

Con esta restauración, a igrexa de San Vicente dos Vilares espérase que sexa un reclamo para visitantes ao que queren sumar a recuperación dos cobertizos da Feira do Sete e a futura Casa da Xente de Xermolos onde naceu Díaz Castro.

O Concello aproba un orzamento de 5 millóns de euros para 2023

O goberno local de Guitiriz presentou no pleno o orzamento do Concello para o ano 2023. Un documento equilibrado en gastos e ingresos que ascende a 5.090.285,43 euros e no se mantén unha forte aposta polas políticas sociais, acompañadas de investimentos destacados.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destaca que “elaboramos un orzamento vivo, que verá incrementado o apartado de investimentos ao longo do ano grazas ás achegas pendentes doutras administracións e a incorporación de suplementos de crédito, facendo valer a boa situación económica do Concello cun importante remanente de tesourería”.

A rexedora reitera “a aposta deste goberno polos servizos sociais, algo que desde a nosa chegada é innegociable, tentando tamén manter e mellorar na medida do posible as infraestruturas, os servizos e todo aquilo que viña percibindo a veciñanza”.

INVESTIMENTOS. O anexo de investimentos ascende este ano a 714.897,19 euros, incorporando financiamento para a ampliación do Punto de Atención á Infancia (75.000

euros), a construción dun punto limpo no polígono (64.687,93 euros), a mellora da zona exterior do Centro de Día (6.923,55 euros), a parte municipal das obras de construción da residencia de maiores por parte da Deputación de Lugo (96.278,46 euros), as obras do Plan Único (403.412,53 euros), a reposición de infraestruturas (28.047,05 euros) e a anualidade 2023 do convenio asinado coa Confederación Hidrográfica (40.547,97 euros).

ORZAMENTO SOCIAL. O apartado de gastos correntes ascende a 4.363.148,22 euros nos que destacan os destinados ao persoal municipal e que se xustifican en que a maior parte dos servizos ofrécenos o Concello sen recorrer á externalización (servizos sociais, recollida de lixo, mantemento de espazos públicos, de potabilizadoras e depuradoras...).

Neste sentido, o Concello ddeu cumprimento á Lei 31/2022 en canto á subida salarial de funcionarios así como a Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público, a través dos procesos de estabilización.

Neste apartado aumenta, con res-

pecto ao exercicio anterior, o importe para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, axudas de emerxencia social, bolsas de formación, material escolar, axudas ao transporte e outras de ámbito educativo... Este capítulo representa un total de 110.363,15 euros, o que supón un incremento respecto ao 2022, no que eran 77.700 euros.

Tamén compre destacar a aportación do Concello ao programa de Servizo de Atención Temperá (SAT) que se fai conxuntamente co Concello de Xermade.

Marisol Morandeira quixo destacar que, con respecto ao orzamento do ano 2022, hai un incremento de 225.475 euros dado á subida do prezo dos suministros, como por exemplo o gasóleo, a electricidade e outros servizos prestados por empresas que subiron as súas tarifas como por exemplo a xestión das escolas deportivas, o mantemento das instalacións...

No apartado de dinamización social, turística, económica e de promoción continúa a aposta firme de promocionar os produtos locais e o potencial ambiental dos diferentes espazos do municipio.

EN BREVE

PARGAROCK. A organización do Parga Rock xa deu a coñecer as datas nas que se celebrará o próximo festival musical, nesta parroquia de Guitiriz. Será por tanto a fin de semana do 1 e 2 de setembro deste ano na que será a súa edición número VI. O festival de música rock e metal será novamente de entrada gratuíta e levarase a cabo na Carballeira de Parga con sesión vermú e unha representación dos grupos punteiros neste tipo de música.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre o 9 e o 13 de marzo no concello de Guitiriz, entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00, agás o día 13, que será só de mañá. Estará situada no polígono industrial.



TRAPEIRO DE HONRA. Os familiares de Manuel Fernandez Corral (Manuel de Lea) recibiron o premio Trapeiro de Honra na súa oitava edición, que concede o colectivo Os Vilares Lareira de soños e que foi este ano a título póstumo. O acto de entrega tivo lugar na capela ao pé da feira de Momán, un lugar preto da súa casa, onde foi entregada a peza exclusiva elaborada pola artista Viki Rivadulla. Labrego, zoqueiro e comerciante, foi un dos principais informantes de Pastora Veres para o seu libro *Lareira de soños* debido á súa prodixiosa memoria e sabedoría da contorna.

Parga estrea unha peza en cantería no parque

A localidade de Parga loce dende hai unhas semanas unha nova peza escultórica que foi inaugurada nas últimas datas de forma oficial pola alcaldesa, Marisol Morandeira, malia que leva xa tempo instalada.

Trátase dun obra do canteiro local Xabier Quijada, na que se representan todos os elementos que identifican á parroquia: a Ponte Romana, a feira, a auga e, por suposto, a pedra.

“Dende o Concello de Guitiriz queremos agradecer a Quijada polo seu gran traballo, para nós é todo un orgullo contar con profesionais desta categoría nun oficio tan representativo da nosa vila”,



dixo Morandeira.

A peza pode verse nos xardíns da Estación de Renfe, onde ocupa un lugar destacado.

O gato con botas
zapatería
C/ Placida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS
- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS
R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103
URXENCIAS
24 HORAS

XVII Expogrelo Abadín

SÁBADO
18
Febreiro

PROGRAMACIÓN

- 9:30H ASIGNACIÓN DE STANDS E NUMERACIÓN DAS CESTAS DE GRELOS
- 10:00H APERTURA DO RECINTO FEIRAL
- 12:00H ANIMACIÓN MUSICAL
- 12:30H DEGUSTACIÓN DO GRELO
- 13:00H RECEPCIÓN DE AUTORIDADES
- 14:00H CUALIFICACIÓN DAS CESTAS E ENTREGA DE PREMIOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de Abadín

Antroido 2023 abadín

Domingo 19 febreiro

Gran Desfile de Disfraces

DENDE AS 5:30 DA TARDE
NO CAMPO DA FEIRA
DE GONTÁN
(Cuberto con Carpa)

ORGANIZA
Concello de Abadín

!!Chocolate con Churros para todos!!

Bases do concurso de entroido 2023, Abadín

Premios

CHARANGAS
ÚNICO PREMIO 300 €

GRUPOS E COMPARSAS



COMPARSAS MIXTAS (adulto + infantil)



PARELLAS (adulto)



INDIVIDUAL (adulto)



GRUPOS E COMPARSAS (infantil)



PARELLAS (infantil)



INDIVIDUAL (infantil)



Bases do Concurso

MÓLIMPORTANTE

- Inscripción antes do XOVES 16 DE FEBREIRO ás 21:00 h. no tel. 624 72 80 88.
- Os dorsales serán entregados de 16:30 a 17:00 h. no Campo da Feira o primeiro día do desfile.
- Os participantes que non levan dorsal non serán admitidos.
- O tempo máximo de exposición no desfile será de 4 minutos.
- Premiarase o desfile, o variado será a orixinalidade, traballo, e posta en escena dos participantes.
- A cualificación entregaráse os premios ao mesmo tempo.
- Os participantes maiores de 15 anos entrarán en categoría adulta.

Ningun gañador poderá levar máis dun premio na mesma categoría.

O Concello adxudica a xestión da escola infantil

Resolveuse o proceso de licitación para adxudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besreiro tralo quinto intento. O contrato recaeu na empresa Silman 97 SL, que fixo unha oferta de 215.000 euros ao ano para a prestación do servizo.

O proceso de adxudicación incíuse tras rematar o contrato anterior polo que volveu saír a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse a licitar, malia que nesta segunda ocasión subiuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas.

Así, o Concello chairego volveu iniciar a licitación, por terceira vez, subindo outro 10% o orzamento, é dicir, 195.845,35 euros, e informando de que o contrato ten unha duración de dous anos prorrogables a

un máis e na seguinte a contía foi de 205.637,61 euros.

Nesta última ocasión a licitación, xa resolta, estaban establecidos 215.919,49 euros. A nova xestora subrogará o persoal do centro, composto por 8 persoas, e manterá o horario de funcionamento, de luns a venres de 7.30 a 20.00 horas.

A necesidade a satisfacer consiste na atención integral dos nenos e das nenas de 3 meses a 3 anos que compoñen a Escola Infantil Municipal, tanto nos seus aspectos educativos, coma de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola. Son actualmente 40 pequenos e pequenas os que hai que atender na escola infantil. O alcalde afirmou tamén que a intención do Concello é ampliar esta escola cun aula máis para o próximo curso debido á demanda o que podería indicar unhas sete praza máis.

O Pleno acorda habilitar unha área infantil na Ponte de Outeiro

Os socialistas de Castro de Rei sacaron adiante no último Pleno da Corporación municipal unha proposta, que foi aprobada por unanimidade, para habilitar unha zona infantil de xogos na Ponte de Outeiro, co fin de dar resposta ás demandas da veciñanza.

Esta iniciativa contribuirá a mellorar a calidade de vida nesta parroquia, tanto dos pequenos como das súas familias, xa que este espazo axudará á socialización dos nenos e nenas, e tamén servirá como zona de unión e convivencia para as familias e ve-

ciños. Concretamente, grazas á proposta presentada polos socialistas, aprobouse colocar varios elementos de xogo e espaxamento ao carón do parque biosaludable, xunto ao campo da festa.

“Tras percorrer as parroquias do noso concello e escoitar á veciñanza, seguimos presentando propostas e iniciativas que nos trasladan en primeira persoa, para poder construír e vivir no concello que queremos. Castro de Rei merece un futuro mellor e nós seguiremos traballando para conseguilo”, sinalan dende o PSdeG.

Castro de Rei remata as obras de mellora enerxética da EDAR

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, exemplificou no Concello de Castro de Rei a pegada que está a ter o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno nos pequenos municipios. “Castro de Rei é un claro exemplo de como o Goberno leva a todos os recunchos da provincia o Plan de Recuperación, impulsando a mellora de infraestruturas naqueles concellos do reto demográfico e transformando a vida no medio rural”, salientou. Isabel Rodríguez desprazouse ata Castro de Rei para comprobar o resultado das obras de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da estación depuradora de augas residuais (EDAR) do municipio, que contaron cun investimento de 792.000 euros por parte do Estado.

A subdelegada supervisou os traballos realizados na EDAR, situada en Castro de Ribeiras de Lea, que permitiron duplicar a capacidade da planta, pasando de 350 a 750 m3 diarios. As actuacións realizadas centráronse na reforma, transformación e modernización dos diferentes elementos que compoñen a planta de tratamento de augas residuais. Concretamente, instalouse un xerador de corrente no tanque anaerobio, dotouse de contactores biolóxicos rotativos e a adaptouse o pozo de bombeo para a recirculación de auga nitrificada, entre outros traballos. Estes traballos contribuirán a mellorar a eficacia das plantas da depuradora, evitando vertidos ao río Lea, dando servizo a unha poboación de máis de 3.000 persoas do casco urbano de Castro Ribeiras de Lea, “acadando un municipio máis sostible e con mellores estándares de



calidade medioambiental”, apuntou a subdelegada. Nesta liña, puxo en valor as políticas que está a impulsar o Executivo Central en materia de

transición enerxética que permiten ao Concello de Castro de Rei reducir o consumo de enerxía eléctrica da EDAR en máis de 12.000kWh ao ano.

Completan a mellora do abastecemento de auga

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vén de finalizar as obras da segunda fase da mellora do abastecemento ao Concello de Castro de Rei, cuxa execución comezou a principios de xullo.

En total, o Goberno galego destinou algo máis de 1 M€ a optimizar a rede de subministración de auga potable do municipio.

A última actuación contou cun orzamento autonómico de 380.900 euros -incluídas as obras e a contratación da asistencia técnica e da dirección facultativa - para mellorar as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial.

Este segundo proxecto centrouse na execución dun ramal que, partindo dun tramo que se desenvolveu na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, empregouse unha condución de máis de 1,5 km con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

As obras foron executadas a través dun convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Castro de Rei. A través deste acordo, a Xunta achegou o 80% do orzamento e a entidade local o 20% restante. A actuación foi cofinanciada pola Unión Europea con fondos FEDER.

ebos
Obradoiro Doce

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

ZAFIRO TOURS VILALBA

¡YA HA LLEGADO LA VENTA ANTICIPADA DE VERANO!
CONSÚLTANOS PRECIOS

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

EN BREVE

PACIOS. A escola unitaria de Pacios, en Covelo, acolle o 2 de marzo un taller de psicomotricidade e memoria na terceira idade en horario de 16.00 a 20.00 horas. Este curso, que será impartido pola Escola Galega de Saúde, estará ao cargo de Jenifer Souto.

CANASTRAS. O director da Fundación Breogán, Salva Arco e a directora da UNED de Lugo, Ana Traseira, acompañados de Maximus, visitaron os colexios CEIP Ramón Falcón, en Castro de Rei e o colexio CEIP Veleiro do Campo, en Ribeiras de Lea dentro do proxecto Ningún Aro sen Rede. Agora mesmo nas canastras destes dous colexios locen as novas econets de Ecoballution.

Val de Francos terá de novo un Entroido con tradición e retransca

As parroquias de Ansemar, Balmonte e Duancos, en Castro de Rei, volverán este ano reunirse no campo do Carril, con motivo do Entroido de Val de Francos, para ofrecer unha forma diferente de entender esta celebración mantendo viva unha tradición que ten preto dun século de vida. Descoñécese cando comezaron os veciños destas localidades a facer o Entroido pero que ata o ano 1955 tiña un carácter regular e hai algún vestixio que o sitúa nos primeiros anos do XX. Fallaron durante uns anos por falta de organizadores e dende 1959 ata 1969 recuperouse. Foi nese ano cando a celebración de Val de Francos perdeuse de novo, ata que no ano 1990 un grupo de veciños decidiron volvelo a poñer en marcha, e así sigue ata hoxe, coa excepción do ano 2021, pola covid. Son moitos os trazos distintivos desta celebración, os mesmos que a fan diferente ao resto de entroidos da contorna. De todos os xeitos, a súa sona é grande, xa que unha veciñanza que non chega a 250 persoas congrega todos os anos a máis de dúas mil. “A xente vén como formigas ao formigueiro”, explica Ana Cantó, unha das organizadoras desta festa.

A celebración arranca ás 17.00 horas do martes de Entroido. Este ano será o día 21. Empezarán quentando motores con música dos infatigables Valuros, veciños da localidade, que ano tras ano viven a festa con toda a intensidade.

Será o grupo Eureka, da Coruña, o encargado de recoller o testigo musical media hora despois e antes de que chegue un dos momentos culminantes da festa, a lectura do sermón, onde Ana e Serafín, que recolleu o testigo do seu pai, dan conta do resumo do ano, dos chismes do lugar e sácanlle as cores a todo aquel que ten algo que agochar. Crítica en forma de verso que se converte no eixo da tarde e que supón un traballo de tempo e “do que non libra ningún”, di Ana.

A importancia do sermón fixo que este ano se probase a retrasar a súa celebración para dar tempo a veciños e visitantes a achegarse. Así que dará comezo ás 18.30 horas.

Ao remate terá lugar outra das sesións máis importantes, a lectura da sentenza condenatoria ao Antroido e a súa queima. Trátase dun boneco de palla que representa todo o que saíu mal este ano. Se no 2022 este

privilexio tocoulle á covid, este ano será Putin quen pague polas súas accións entre as chamadas de Val de Francos. Este ano, ao empezar máis tarde intentarase queimar o Antroido xa de noite, para que sexa máis simbólico.

A partir de aí, festa rachada cos grupos Saudade e Eureka. Haberá este ano tamén sorteo de agasallos e sesión pirotécnica, unha das novidades do ano pasado que tivo moita aceptación e que se retoma nesta ocasión.

“Non hai concurso nin cartos, queremos que a xente veña facer festa e non caixa”, explica Ana Cantó, que afirmou que probaron un ano a facer o concurso pero non funcionou e quedou eliminado.

No seu traballo de recuperación de actividades e de simboloxía do vello Entroido, o ano pasado volveron verse as madamas e os galáns, dúas figuras positivas das festas que rexurdiron para facer a ledicia dos asistentes.

Os que seguen e son imprescindibles son os fareiros, os catro mozos que acompañan e protexen ao Antroido no seu traslado ao lugar de execución. Antigamente estes levaban



para botar a todo aquel que se achegaba cinza, pero agora prefírese a fariña. Ademais doutras personaxes como *embaucadores*, *estraperlistas*, policías.

Con esta combinación de pasado e presente, Val de Francos é un referente no Entroido da comarca. Un dos segredos do seu éxito está tamén en que “temos unha sesión de festa con orquestra de tarde e eso anima a moita xente que se deita cedo a vir para gozar dunha verbeña”, di Ana.

Adiantamos algo do sermón:

Este ano hai eleccións
Ide preparando o voto
Veñenche cun bon regalo,
Haber señor donde llo boto!!

Prometenche todos moito
Gobierno é oposición
Eles o que andan mirando
É de acomodarse nun bon sillón!!

Para a cativada

Aínda pendentes de si este ano o colectivo CuldeCastro organizará a tradicional festa de Entroido para adultos, o Concello ten previsto, como todos os anos, actividades para a rapazada.

Así, os pequenos terán o sábado 18 en Castro Ribeiras de Lea e o domingo 19 en Castro de Rei senllas festas infantís con concurso de disfraces, merenda de entroido, maquillaxe infantil, música, animación e bolsa de larpeiradas.

Estas celebracións, nas que haberá premios para as mellores parellas e grupos, ademais dos disfraces individuais mellor traballados, será de 16.00 a 19.00 horas, no centro sociocultural Xosé Manuel Carballo e na casa da cultura, respectivamente. Para participar hai que apuntarse antes do 15 de febreiro.

concellodefriol.es

Un Paseo por el
Corazón Verde
de Galicia


**CONCELLO DE
FRIOL**

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

“A declaración Ari supón un gran impulso para a mellora do núcleo”

Francisco Balado é o alcalde de Castro de Rei desde o ano 2011

Pode facernos un balance desta lexislatura?

O balance que podemos obter é positivo, e facemos precisamente esta afirmación debido ó número de proxectos e inversións que se acometeron durante esta lexislatura e que fixeron posible mellorar moitos servizos que se prestaban con dificultades e agora se prestan en mellores condicións.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Aínda que sempre quedan cousas por facer nos concellos, no caso de Castro de Rei quedan proxectos pendentes que se ben xa están iniciados, aínda non concluíron, son actuacións tanto de competencia autonómica como municipal. Temos dúas concentracións parcelarias pendentes como son a de Triabá, que está pendente de aprobación por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en relación co proxecto de obras e camiños, e a de Viladonga, que se está a desenvolver na fase de medición de fincas, e investigación da propiedade e que aínda non estando concluídas, supoñen proxectos importantes de reestruturación da propiedade nunha zona de forte implantación do sector lácteo. Logo temos outros proxectos importantes como son o da ampliación do Parque Empresarial de Castro Ribeiras de Lea e o da ampliación da EDAR do polígono que van intimamente ligados entre si, xa que non pode ampliarse o Parque Empresarial en tanto non se amplíe a EDAR. Esta actuación está prevista por parte da CHMS, organismo que redactou o proxecto de reforma da planta e está agora a iniciar os trámites para redactar un modificado sobre o proxecto orixinal, debido á necesidade de ampliación da capacidade de vertido da planta. Por outra banda temos outros proxectos importantes, de ámbito municipal, como son o da rehabilitación das zonas comúns do núcleo urbano de Castro de Rei, vinculados ás axudas concedidas ao abeiro da declaración de Zona ARI, entre as que se inclúen como primeiras actuacións

o acondicionamento da muralla, xa comprometido dende o ano 2021 e o pavimentado das rúas e beirarrúas do conxunto histórico, así como a mellora das beirarrúas da praza do Concello e xa en materia urbanística a redacción dun PEPRI que permita edificar no ámbito do Conxunto Histórico de Castro de Rei.

Houbo un forte investimento no abastecemento de auga. Pode resumirnos como están as obras neste momento?

As obras están rematadas e a traída está a funcionar sen problema algún garantindo o abastecemento con normalidade. Foi un investimento que se desenvolveu en dúas fases cunha inversión que acadou o millón de euros, dos que a Xunta de Galicia asumiu o 80% e o resto foi financiado con cargo ás arcas municipais.

Tamén se apostou pola reciclaxe.

É certo, a primeira das actuacións foi a adquisición dun remolque multiserivizos cofinanciado pola Consellería de Medio Ambiente que permite chegar a reciclaxe a distintos puntos do concello para evitar desprazamentos dos usuarios. Igualmente renováronse todos os contedores de aceite usado e instaláronse máis unidades nas zonas rurais a través dun convenio cunha empresa que recolle o residuo e xa máis recentemente fíxose unha segunda entrega de composteiros domésticos para completar a campaña que se iniciara no ano 2014. Actualmente imos instalar contedores de materia orgánica naquelas zonas onde se xeran residuos orgánicos que adoitan mixturarse co lixo que se deposita no contedor verde.

Hai moitas queixas pola situación sanitaria. Que postura ten o Concello sobre isto?

Si que hai algunha, como é lóxico. A postura do Concello é a mesma que a de moitos concellos de España e de Galicia, por unha banda nós sempre nos diriximos á Consellería de Sanidade, porque no ámbito autonómico é o organismo a quen se dirixen os concellos cando teñen un problema sanitario, pero por outra a

estas alturas aínda que a situación sanitaria se utiliza en cada comunidade autónoma para facer política contra quen governa en cada unha, todos e todas somos conscientes de que a falta de médicos e especialistas é un problema de ámbito nacional que as comunidades non poden solucionar e só o Ministerio de Sanidade pode atallar a través da convocatoria de máis prazas de médicos e especialistas para que as CC.AA poidan solucionar as carencias que teñen. Ademais é un dato contrastado que en todas as convocatorias de prazas MIR hai moitos máis aspirantes que prazas, o que demostra que hai suficientes médicos aspirantes que queren ter praza, pero en cambio non se convocan as prazas necesarias para cubrir a demanda existente.

As inundacións fixeron dano no termo municipal. Que accións se van tomar?

Si fixeron moito dano, principalmente na rede viaria. Poucas accións preventivas se poden adoptar porque na comarca da Terra Chá as inundacións sempre afectaron cando choveu moito, coa particularidade de que uns anos causan máis dano que outros. O que si podemos facer é manter o máis limpos posibles os leitos e desaugadoiros que sexan de competencia e titularidade municipal, non coa finalidade de evitar inundacións que como digo é algo consubstancial á nosa zona, senón coa finalidade de permitir un desaugadoiro máis acelerado naquelas zonas que enchen en pouco tempo. Agora o que imos facer é acondicionar na medida do posible as estradas que sufriron danos para facilitar o tránsito viario e tratar de repoñer os elementos afectados así como a limpeza de desaugadoiros que quedaron taponados.

Ao final logrouse rematar o proceso de adxudicación da escola infantil?

Si, conseguimos rematalo e adxudicar definitivamente á nova empresa que prestará o servizo.

A declaración de Área de Rehabilitación Integral supuxo un importante apoio para Castro de Rei. Que se



avanzou ata o de agora?

Si, está a supoñer un importante impulso para o acondicionamento de varias edificacións do núcleo de Castro de Rei e tamén para a rehabilitación completa dalgunha edificación que se atopaba en estado ruinoso. O máis importante é que está a esperar o interese dalgunha xente por edificacións situadas no núcleo urbano e incluso por algún local de negocio que se vai instalar apoiándose nestas e noutras axudas. Durante o primeiro ano de vixencia da declaración xa houbo dúas adquisicións de inmobles para rehabilitación e igualmente supón un apoio importante para os proxectos públicos, xa que o Concello pretende desenvolver proxectos de acondicionamento de espazos públicos apoiándose nas axudas concedidas para os que xa temos un proxecto redactado e comprometido. Sempre é importante poder obter fondos públicos para desenvolver actuacións. Actualmente a declaración de zona ARI atópase na primeira fase, pero é unha declaración importante que vai permitir cambiar a imaxe da vila en pouco tempo, e que permitirá contrastar o estado do núcleo de Castro de Rei, antes e despois da Declaración de Zona ARI.

Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Nos concellos sempre hai necesidades, unha importante sería poder completar o abastecemento á totalidade de núcleos de poboación, algo que está a resultar máis difícil do previsto debido á orografía do terreo, xa que hai moitas diferenzas de altitude entre as zonas por onde discorre o trazado da rede de abastecemento xeral e as zonas situadas en cotas

máis altas.

E de cara xa a o futuro, cales son as principais proxeccións?

Creación de máis solo industrial, a través da ampliación do parque empresarial existente, acondicionamento e mellora dos espazos públicos no núcleo de Castro de Rei e desenvolvemento do PEPRI no conxunto histórico. Construción dunha praza pública en Castro Ribeiras de Lea e continuar promovendo concentracións parcelarias nas zonas que están pendentes.

Cales serían as características e a definición deste concello?

É un concello rural no que temos a sorte de ter moi diversificada a actividade económica existente. Por unha banda contamos cun sector primario moi destacado no ámbito da produción leiteira, xa que somos o segundo concello da provincia que máis leite produce, así como o cuarto a nivel galego, o que supón ademais en termos de emprego a creación de postos de traballo vinculados ao medio rural e ás explotacións e por outra banda temos unha importante industria vinculada á transformación do leite, da carne e dos servizos que xera numerosos postos de traballo e que permite que a actividade económica poida estar diversificada e fixar poboación dentro do concello.

O desenvolvemento en Rozas que lle supón ao concello?

Suponlle poder contar cunhas instalacións punteiras no ámbito da aviación non tripulada a través desta iniciativa liderada por parte da Xunta que ten como finalidade promover solucións innovadoras baseadas en vehículos aéreos non tripulados.









POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 YILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus




Sotavento superou no 2022 os 8.600 visitantes, un 40% máis

Sotavento superou no ano 2022 os 8.600 visitantes, recuperando cifras pre-pandemia e logrando un incremento dun 40% con respecto ao 2021.

A actualidade deste ano recén rematado estivo marcada polo elevado prezo da electricidade e pola incerteza global en canto a enerxía se refire. Para dar resposta a esta situación, as actividades de educación enerxética que habitualmente desenvolve Sotavento, reforzáronse no eido da procedencia das fontes de enerxía, o establecemento do prezo da electricidade e o autoconsumo.

Os destinatarios foron, nun 42%, grupos de carácter técnico, universidade, FP ou bacharelato, seguido de centros de secundaria (28%), centros educativos de primaria (19%) e asociacións (11%).

Entre as actividades máis salientables do período estarían a participación na Feira da Enerxía, celebrada en Silleda, onde preto de 3.000 persoas se achegaron ao espazo expositivo Sotavento. Outro fito importante foi a creación e desenvolvemento do proxecto Enerxía e cambio climático levado a cabo mediante convenios con importantes empresas do sector como Norvento. Máis de 2.500 alumnos participaron neste proxecto que se levou a cabo tanto nas instalacións de Sotavento coma nos propios centros educativos e que se espera que continúe no 2023 na Provincia de Lugo.

As provincias de Lugo e A Coruña continúan a liderar as visitas ao parque, cun 38% e 35% respectivamente, seguidas de Pontevedra, cun 21%. Un 4% do total procederon do

resto de España e un 2% das visitas foron internacionais.

Como novidades de cara ao ano que comeza destacar a posta en funcionamento dunha nova instalación fotovoltaica de 100 kW, a colocación como elemento expositivo dunha pala dun aerogerador de 35 metros de lonxitude e o regreso ao Certame de Fotografía do que as bases se atopan publicadas na páxina web do parque e que está dotado con 400 € de premio.

O Parque Eólico Experimental Sotavento atópase entre os Concellos de Xermade e Monfero, está aberto durante todo o ano e pódese visitar mediante reserva telefónica en horario de mañá de luns a venres no teléfono 981563777. Máis información en www.sotaventogalicia.com

Entregados os premios de poesía

O alcalde de Xermade, Roberto García, fixo entrega na biblioteca de Xermade dos premios do concurso do certame de poesía infantil Nadal 2022 na súa fase local.

Así, na categoría de ata 8 anos, resultaron vencedores Estela Fernández Piñeiro, Artai García Carballeira e Abby Otero Gómez con accésit para Adriana Pintor Fato. Na categoría B, de 9 a 11 anos, o primeiro premio foi para Lorenzo Pintor Fato, ao que seguiron Yara Djitte Ares e Gael Otero Gómez. No grupo de 12 a 16 anos os premios foron para Inés Fernández



Piñeiro, Aroa Blanco Priego e Sara Paz Prieto.

Os gañadores participarán na fase provincial.

Xermade convoca o concurso de disfraces para o 20 de febreiro

O Entroido chegará de novo a Xermade o luns 20 de febreiro coa celebración dunha festa na tarde-noite. Os actos darán comezo ás 20.00 horas no pavillón polideportivo.

Coa festa convócase de novo concurso de disfraces con premios para grupos, parellas e individuais, que oscilarán entre os 200 e os 50 euros para os adultos e de 70 a 40 para os pequenos. Serán tres gañadores en cada unha das tres categorías para os veciños do concello. Ademais, haberá unha categoría para a participación de persoas non empadroadas en Xermade con dous premios, de 150 e de 100 euros.

O xurado estará formado por tres persoas voluntarias do público e un secretario/a vinculado/a ó concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

As persoas que desexen participar no concurso deberán inscribirse nas oficinas municipais antes do 14 de febreiro e os que desexen máis información poden comunicarse co 678 744 178.

ROUPAR. A asociación de veciños de Roupar organiza o sábado 18 de febreiro unha cea baile de Entroido a partir das 21.00 horas na Escola Habanera da parroquia.

A cea constará de cocido completo, freixós, orellas e roscas a un



prezo de 20 euros para os socios e de 25 para os non socios. Os interesados en participar deberán anotarse antes do 15 de febreiro nos bares de Roupar ou na farmacia ou chamando aos teléfonos 660 228 252 ou 678 063 111. Para amenizar a festa haberá un grupo con música para bailar.

CABREIROS. A asociación de veciños de Cabreiros organiza o sábado 25 de febreiro unha comida de cocido de Entroido a partir das 14.30 horas na casa escola da localidade.

A comida constará de sopa de cocido, cocido completo (lacón, cacheira, botelo, chourizos, grelos, garavanzos e cachelos), freixós, orellas e roscas, café e licores, a un prezo de 20 euros para os socios e de 25 para os non socios. Os interesados en participar deberán anotarse antes do 19 de febreiro.





MOBELRIAS

**Últimos días de REBAIXAS
DESCONTOS ESPECIAIS
DE MÁIS DO 20%
NESTES ARTIGOS**










REBAIXAS en todos os artigos de exposición dende un 15% DE DESCONTO
ATA O 5 DE MARZO

PLAmoble
Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



Multiservicios InterGallego sl

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo.
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

Convocado o tradicional concurso de Entroido

O Entroido volve a Begonte este ano coa celebración dunha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas 2023, co que se pretende, segundo explica a organización, "consolidar o Entroido como unha festa de tradición popular".

A celebración está prevista para o sábado 25 de febreiro ás 16.30 horas cun desfile en Baamonde para o que o prazo de inscrición rematará o mércores 22 de febreiro ás 14.00 horas.

Un ano máis haberá cinco premios para adultos en categoría individual (de entre 100 e 35 euros) e cinco en comparsas (entre 500

e 80 euros) e tres para os disfraces realizados para individuais ou comparsas para veciños de Begonte. Neste caso os premios serán de 100 a 50 euros para o primeiro grupo e de 200 a 100 para o segundo.

Ademais, de 18.00 a 20.00 horas está prevista unha festa infantil con inchables para todos os nenos e nenas seguido dun baile de entroido que estará amenizado por discoteca móbil.

As inscricións poden facerse presencialmente nas oficinas municipais no Rexistro Xeral do Concello de Begonte.

O Concello dará axudas a veciños afectados polos asolagamentos

O Pleno do Concello acordou solicitar a declaración de zona de emerxencia para a localidade tras as inundacións de xaneiro, que anegaron varias casas e onde tiveron que ser evacuados varios veciños.

Esta proposta está dirixida ao Goberno central e foi presentada polo Partido Popular e respaldada pola oposición. Nesta solicitude tamén se pide axuda á Subdelegación de Goberno para que ofrezca a súa colaboración para tramitar a solicitude.

Ademais, o Concello aspira a contar tamén coa axuda da Xunta, á que pedirá que colabore na avaliación dos danos para que os veciños podan

contar con axudas.

Neste mesmo paquete demándase axuda á Deputación para que tramite unha liña de axudas e que ofrezca colaboración xurídica e técnica para os traballos de valoración de danos.

AXUDAS. O Concello de Begonte concenderá axudas de 500 euros por familia aos afectados polas inundacións rexistradas tralo desbordamento do río Ladra causado polas intensas precipitacións que deixou o temporal ao seu paso por Galicia.

O rexedor, José Ulla, admitiu que o goberno local aínda se atopa en fase

de "estudo sobre como executar as axudas e en que tempos", aínda que manifestou que espera que poidan concederse "o máis rápido posible".

O alcalde do PP lembra que decenas de veciños tiveron que ser desaloxados das súas vivendas cando o río Ladra desbordouse "en moi pouco tempo" de tal maneira que algúns tiveron que ser rescatados en motos de auga e zodiacs.

Ulla di que agora tocará "buscar explicacións" do sucedido. Incide en que avaliar "a causa será fundamental porque non choveu máis que noutras ocasións e, con todo, os danos foron moito maiores".

O cincuentenario do belén clausúrase

Begonte acolleu o acto de clausura do Cincuentenario do belén, que se celebrou no salón de actos do Centro cultural José Domínguez Guizán, no decurso do que se entregaron os premios dos catro certames culturais convocados con tal motivo, así como tamén tres títulos de Socios de Honra. Ponse fin así a case dous meses de celebracións, desde o comezo do pasado mes de decembro, inauguradas polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

O belén de Begonte ten superados amplamente os 40.000 visitantes desde a súa apertura, rebasando as cifras pre-pandemia. A estas visitas físicas ao Belén na súa sede de Begonte únense as máis de 35.000 visitas virtuais das que 4.756 foron a través de Youtube, sendo 316 as visitas ao Belén 360º, 2060 ao belén virtual en galego, 2204 en castelán e 170 en inglés.

Os días de apertura no mes de xaneiro tiveron un promedio de 750

visitantes diarios, aos que hai que sumar as numerosas visitas colectivas (máis de trinta), entre as que hai que destacar as de colexios, centros da terceira idade, entidades culturais e sociais e o grupo de usuarios de Aspnaís que visitaron o belén e o seu museo, contemplaron o traballo do artista Diego As, e foron recibidos polo alcalde José Ulla diante da casa do Concello.

A estas visitas hai que sumar as que recibiron as catro exposicións do Belén (50 anos do belén de Begonte, Imaxes e palabras no belén, Mostra bibliográfica de medio século, e obras presentadas ao Certame Galego de Arte) na Biblioteca Provincial de Lugo, Delegación Territorial da Xunta en Lugo, casa da cultura de Begonte e Feira do Nadal en Begonte.

PREMIOS. Recibiron os premios instituídos polo Centro Cultural: Antonio Calvo Varela, de Lugo (1º premio) e Juan Lorenzo Collado Gómez, de



Abacete (2º), do Nacional de Poesía; Santiago Rodríguez López, de Bristol-U.K. (1º) e Pepe Pol (2º) do certame de Xornalismo, e Manuel Carballeira Rivas (Premio) e Santiago Lago Canzobre (Mención de Honra) do Certame Galego de arte que leva o nome do fundador do belén.

No certame de debuxo, na categoría de menores de dez anos os primeiros premios foron para Carla González Rivas, do colexio O Cantel de Foz; Iria Parga Piñeiro, do Virxe Do Corpiño de Begonte e Xana Fraga Barcía, tamén do Cantel.

Os segundos foron para Noa García

González do Cantel, Andrea Pereira López, do colexio Virxe do Corpiño; Antonio Maseda Díaz, do Ceip Número 1 de Foz; Catalina Aguado Cobas, do Ceip O Cantel e Kenya Louças da Costa, do Número 1 de Foz.

Na categoría B, para os que teñen de 11 a 15 anos os primeiros premios foron para Alba Torres López, que estuda no IES Vilar Ponte de Viveiro; Emma Pedreira Bouza, alumna do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo e Miguel Fra Baltar, do IES de Xove.

Os segundos premios foron para María Paz Ares, do IES Vilar Ponte de Viveiro; Carlota Rodríguez Sánchez,

alumna do mesmpo centro; Yeray Fontela Díaz de Begonte; Sara López Cora que estuda no IES Vilar Ponte de Viveiro e Nerea Fraga Pértega, alumna no IES Dionisio Gamallo de Ribadeo.

Foron enteregados, así mesmo, tres títulos de socios de Honra a José Antonio Abelleira, O Alemán, a título póstumo; Carlos Torres Lamas, e José Ulla Rocha, alcalde. Os asistentes puideron contemplar xa o mural confeccionado por Diego As, traballo que se viu retrasado polos recentes temporais en Begonte, que o artista xa rematou.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
REVUELTOS DE BARFIL ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD PENSALADAS
PASTAS RAXO PATATAS SABOREAR TORTILLAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

muras

Abre o prazo para solicitar as axudas da luz un ano máis

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou mediante un bando que o día 1 de febreiro abriu o prazo para solicitar, un ano máis, as axudas ao pago da factura da luz, que foron aprobadas polo Pleno. O Concello destina a este capítulo un total de 90.000 euros.

Ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así hai de novo dúas liñas de axudas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, mantense a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima cuantía o tope en fogares será con rentas inferiores a 15.000 euros.

As persoas que as soliciten deberán presentar o documento de solicitude e o DNI acompañado das facturas do ano 2022, o certificado da conta



bancaria para o ingreso, copia do IRPF de 2021, copia dos certificados de todos os ingresos e estar ao día nas obrigas tributarias.

O prazo remata o día 28 de febreiro.

UNIVERSIDADE. O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, foi un dos convidados a participar na xornada *As políticas enerxéticas das entidades locais: novos escenarios*, organizadas pola UDC.

Ante un aumento no protagonismo local neste eido, o rexedor narrou a

experiencia pioneira que protagoniza este concello e que levou a unha notable redución da factura eléctrica para veciñas e veciños.

Explicou o caso do concello de Muras. Con algo máis de 163 km cadrados e 636 habitantes, ten unha potencia eólica instalada de 485 MW repartidos en 15 parques eólicos e 381 aerogeradores, que permiten abaratar o recibo doméstico da luz pero teñen tamén un importante impacto económico, social, territorial e enerxético na vida dos veciños.

Festa de Entroido o 21 de febreiro

O Anpa do Colexio Público de Muras en colaboración co Concello, organizará o martes 21 de febreiro unha gran festa de Entroido que comezará ás 17.00 horas no local social e que se prolongará ata as 23.00 horas.

Nesta celebración haberá xogos e concursos de todo tipo, ademais de desfile de disfraces a cargo de Puzzle Animación. Premiarase o mellor disfraz individual, o mellor grupal e o máis divertido. Tamén haberá sorteo dunha gran cesta, merenda e pinchos para todos os asistentes.

Eugenia Requeijo, candidata do PP

Eugenia Requeijo foi presentada polo PP como candidata á Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Desde a dirección provincial confían en volver a recuperar a alcaldía, pois "os populares xa estivemos moitos anos ao fronte do goberno local", explica José Manuel Balseiro. O coordinador quixo destacar que "en máns do actual alcalde o Concello está totalmente paralizado, aínda que tampouco parece importarlle moito o municipio nin os seus veciños pois non reside nin en Muras nin a provincia de Lugo".

Pontón pon en valor o traballo do Goberno local pola falta de investimentos da Xunta

A portavoz nacionalista, Ana Pontón, aproveitou a súa visita a Muras para contrastar o modelo BNG, en defensa dos servizos públicos desde os gobernos locais que lidera, fronte a un PP empeñado en dismantelar o público a favor do privado, en especial na sanidade. Pontón coñeceu da man do alcalde, Manuel Requeijo, os investimentos realizados polo Goberno local do BNG para mellorar os servizos que se lle prestan á veciñanza, tanto en materia de sanidade como en educación. En concreto, 260.000 euros na rehabilitación e posta a punto do centro de saúde, -cuxo edificio é de titularidade municipal-, e visitou tamén o centro educativo Antía Cal, que acolle un punto de atención á infancia, e no que se van acometer obras de reparación por parte do Goberno municipal.

"Ante a negativa da Xunta, dende un concello rural, despoboado e pequeno vémonos na obriga de asumir competencias que non son propias", denunciou Requeijo. A reforma no centro de saúde permite que os veciños e as veciñas



dispoñan de persoal médico, persoal de enfermería e persoal administrativo para atender a unha poboación de 900 persoas que, doutro xeito, terían que desprazarse un mínimo de 30 quilómetros para ser atendidas en Vilalba, "con todo o que iso implica para unha poboación envellecida", alegou Pontón.

No caso do centro educativo, cursan estudos quince escolares de entre cero e once anos, de tal xeito que as familias poden escolarizar aos seus fillos e fillas no propio concello. Manuel Requeijo explicou que a reforma era indispensable polo deterioro da infraestrutura, ao supor un "perigo para os nenos e nenas que asisten alí a clases".



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>Penelas, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 575m² 52.000€</p> <p>Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.</p>
<p>Basanta Silva, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 130m² 110.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.</p>
<p>Grupo As Fontiñas 2, Vilalba Piso 4 Dorm 1 Baño 100m² 45.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios.</p>
<p>De Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m² 71.500€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.</p>
<p>Porta de Cima, Vilalba Piso 2 Dorm 1 Baño 75m² 35.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta piso de dos dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso segundo sin ascensor. La vivienda se encuentra en un edificio situado en una calle tranquila, a escasos metros del centro.</p>
<p>Basanta Silva, Vilalba Casa / Chalet adosado 3 Dorm 1 Baño 213m² 50.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende casa de planta baja y piso, de unos doscientos metros totales construidos. Además de la entrada principal por calle Basanta Silva, dispone de otra salida por detrás hacia calle Lameirón, por donde dispone de un trozo de terreno.</p>
<p>Herrería 25, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 153m² 55.000€</p> <p>Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.</p>
<p>Campo de Puente, Vilalba Edificio uso mixto 563m² 120.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.</p>
<p>Ribadeo, Vilalba Casa / Chalet adosado 5 Dorm 2 Baños 184m² 120.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), en zona céntrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene placa y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.</p>
<p>LU-P-6502, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 500m² 70.000€</p> <p>Se vende solar en esquina de la calle Ciudad de Viveiro con calle Castela. Se venden 500 metros cuadrados con 21 metros de fachada a la calle Ciudad de Viveiro y 27 metros de fachada a la calle Castela. El precio total son 70.000 euros. También se vende fraccionadamente en un solar de 203 metros y otro de 296 metros. En cuyo caso el precio es 40.000 euros por el solar de la esquina y 30.000 € por el otro.</p>
<p>Conde Pallares 23, Vilalba Casa / Chalet adosado 2 Dorm 1 Baño 150m² 22.000€</p> <p>Se vende casa, para reformar, de planta baja y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.</p>

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Cospeito intégrase no Servizo de Atención Temperá de Outeiro

Botou a andar en Cospeito o servizo de Atención Temperá que xa estaba en funcionamento para a agrupación de concellos de Outeiro e Castro de Rei e ao que pasa a integrarse o cospeités ata o mes de outubro de 2024. A unidade de atención temperá presta os seus servizos a poboación infantil de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situación de risco de padecerlos, así como aos seus familiares e ao seu contorno. Esta unidade está formada actualmente por tres profesionais (logopeda, psicóloga e terapeuta ocupacional) que intervirán de forma interdisciplinar e transdisciplinar en coordinación co Servizo de Pediatría. O servizo está centralizado na Casa da Cultura de Outeiro de Rei cun horario de atención ao público de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas. Pero, a prestación do servizo de atención temperá ten un horario máis amplo. Os luns atenden de 10.00 a 14.00 e de 14.30 a 18.30 h, os martes e mércores de 10.00 a 14.30 e de 17.00 a 19.30 horas, os xoves de 10.00 a 19.30 e os venres de 10.00 a 14.00 e de 14.30 a 18.30 horas.

Castosa supedita a nova contratación do PXOM á aprobación do orzamento

O Pleno de Cospeito do mes de xaneiro volveu centrarse nas demandas socialistas, xa que a orde do día recollía un único punto, o inventariado duns terreos e camiños da zona do parque biosaudable.

Na sesión, os socialistas volveron insistir en temas demandados en anteriores plenos. Así, o alcalde anunciou, a preguntas da oposición, que volverá contratarse unha nova empresa para a elaboración do PXOM trala ruptura de mutuo acordo coa segunda empresa poucas semanas despois de gañar o concurso.

Armando Castosa asegurou que están á espera de aprobar os orzamentos municipais para ter unha partida destinada a tal fin. Ademais dixo que se están a pedir uns informes para poder ofrecer unha situación real de como está o trámite antes de sacar a licitación.

Por outra banda, o PSOE recoñeceu o traballo realizado de adxudicación da consulta médica do soto do centro de saúde da Feria do

Monte, pero asegurou que agora hai goteiras noutras consultas do piso alto e pediu ao Concello que axilizase un acordo coa Consellería para que se faga unha reforma integral “porque estes apaños son temporais e necesítase un traballo máis completo”.

Tamén se volveu falar do SAF. O PSOE preguntou polo convenio coa Xunta para vixiar que a empresa adxudicataria cumpra co establecido por contrato. O Concello dixo que aínda non tiña resposta do Goberno autonómico mentres que a voceira, Rosa Morán, recordou que “hai que estar vixilantes, xa que é a insistencia a que fixo que se implantasen servizos que había no contrato e que non se estaban dando”.

O PSOE preguntou tamén pola indemnización que deberá pagar o Concello a unha veciña que caeu na rúa. Asegurou o alcalde que o seguro de Responsabilidade Civil se fará cargo do pago e que non se seguirá apelando a outros organismos.

Rosa Morán deixa a primeira liña política tras 16 anos de concelleira

A voceira socialista no Concello de Cospeito, Rosa Morán, anunciou a súa intención de non presentarse este ano ás eleccións municipais. Deixa deste modo a primeira liña política tras 16 anos como concelleira e comprométese a dar paso e axudar a formar listas se é preciso de cara aos próximos comicios pero non contará con responsabilidade política.

Rosa Morán, veciña de Muimenta, afirma que “16 anos é tempo suficiente para amosar o que podes facer e o que queres facer, hai que deixar paso a novas ideas e a outras persoas”, explica a dirixente socialista local, que tamén asegura que foi complicado optar á alcaldía pola súa lugar de orixe. “Chegas con ilusión e pouco a pouco vaste dando conta de que hai unha norma non escrita de que neste pobo non pode ser alcalde alguén de Muimenta, e iso dificulta moito o traballo na oposición”, explica.

Morán fai unha valoración positiva do seu traballo á fronte da oposición nestes 16 anos. “Sei que fixen un bo traballo e se miramos as cifras vémolos. Pasamos de ser a terceira forza política rondar os mil votos e puidemos ver como se ía vencendo a abrumadora maioría do equipo de Goberno ata obter a Alcaldía pola mínima”,



explica Morán.

Na súa lembranza destes anos, a voceira socialista asegura que foron conseguindo que se cambiaran as cousas, “a base de moito traballo, de moitas contas, de moitas horas mirando e pedindo documentación”. Afirma que cando comezaron eran “tres novatos no mundo da política que fomos aprendendo porque non sabíamos nin o que era unha moción case, e todavía seguimos aprendendo”.

Así mesmo, lévase como satisfacción persoal “o feito de que fun partícipe de como cambiaron as cousas en Cospeito, creo que o máis importante é o respecto que se lle ten agora á oposición, á que si que se lle informa e se escoita nos plenos, cambiaron moitas cousas e eu son tamén, como todos, responsable deste cambio”.

Pol Collel Sabaté será o xuíz do concurso da Moexmu 2023

A comisión organizadora da XXXIX edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, continúa coas súas reunións de traballo.

Pol Collel Sabaté, natural de Manlleu (Barcelona – 1985), será o vindeiro xuíz do Concurso de Gando de Muimenta, que celebra o seu XXXVII aniversario. Este gandeiro catalán, ocúpase na actualidade da xestión da granxa familiar El Campgran, na que se manexan 170 vacas en ordeño, dun total dunhas 330 cabezas, cunha media de calificación morfolóxica de 84,50, unha media de produción por vaca e día

de entre 37 e 42 libros.

Conta con experiencia como xuíz de Conafe, en activo dende o 2015, e xa estivo no concurso de gando da Moexmu do ano 2016.

A data de celebración serán do venres 31 de marzo ao domingo 2 de abril, e as edicións a celebrar son a XXXIX da Mostra Exposición de Muimenta, a XXXVII Concurso de Gando Frisón, a XXXVII Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVII Poxa de Gando Selecto.

FILLOA. Un ano máis membros do colectivo filloeiro de Muimenta es-



tarán presentes na nova edición da Festa da Filloa da Pedra de A Baña, que se celebrará o 11 de febreiro. A comisión organizadora da Festa da Filloa de Muimenta recibiu de novo esta invitación a sumarse aos festexos, onde ademais se promoverá o produto cospeités.

Cospeito vivirá de novo o Entroido o venres 17

Cospeito volverá contar este ano co Entroido e o seu tradicional concurso de disfraces, que terá lugar o venres 17 de febreiro no pavillón dos deportes da localidade, organizado pola asociación de mulleres rurais Cousas Nosas e o Concello.

Haberá dous concursos, un infantil, que terá lugar ás 17.00 horas e outro de adultos, a partir das 23.00 horas. En ambos os dous casos haberá tres categorías, individual, parellas e comparsas con tres premios para cada un. No caso dos pequenos, os gañadores recibirán entre 30 e 15 euros na categoría individual, entre 50 e 20 para parellas e de 100 a 40 para comparsas. Ademais haberá un premio local con 80 euros.

Nesta festa infantil, que comezará ás 17.00 horas realizarse tamén a inscri-



ción e haberá chocolate con churros. A partir das 22.00 horas será o momento da inscrición para o concurso de adultos. Mentres dure este proceso e antes do desfile, previsto para as 23.00 horas, actuará o dúo Epo-K. Os premios oscilarán entre os 90 e os 50 euros na categoría individual, 130 e 80 para parellas e de 240 a 120 euros para comparsas, que terán que ter un mínimo de 6 persoas. Tamén haberá outro premio especial de 120 euros. Durante a sesión haberá animación musical con puzzle e sortease unha cesta típica do Entroido.

CUARTO E METADE
Produtos de alimentación e hixiene a granel e envasados.
Ecolóxicos, Artesáns, de Comercio Xusto, de Proximidade, Sen plásticos.



982 89 23 03 | 625 559 799 Rúa Muíño 3, baixo, Vilaíba

Abadín contará cunha nova edición de Expogrelo o día 18

O día 18 de febreiro Abadín acollerá a XVII edición de Expogrelo, a coñecida feira de exaltación do grelo, que terá lugar no Recinto Ferial de Gontán, como é costume. As edicións celebradas ata agora serviron para comprobar que a tradicional fama deste cultivo atopa boa saída nos compradores. A feira mostrará de novo a calidade e sabor do grelo que se produce nesta zona da Terra Chá e que conta con merecida fama.

Algo máis de 15 produtores sumaranse este ano á feira, na que se repartirán tres premios de 50, 30 e 20 euros para as cestas mellor decoradas. Ademais, todos os asistentes recibirán do Concello un "cariño" de 50 euros, como asegura o alcalde, José María López Rancaño. O programa os actos seguirá a mesma liña que en edicións anteriores, ás 09.30 horas coa designación dos stands e a numeración das cestas. Ás 10.00 horas levarase a cabo a apertura da feira, ás 12.00 horas dará inicio a animación musical e ás 12.30 horas os presentes poderán degustar este delicioso alimento da cociña galega na carpa que o Concello porá no recinto ferial.

Ás 13.00 horas terá lugar a recepción de autoridades. Os actos finalizarán ás 14.00 horas co fallo do xurado e a entrega de premios.

A IXP Indicación Xeográfica Protexida de Grellos de Galicia naceu en outubro de 2009 para axudar a produción como a comercialización e a distribución deste alimento tan característico de Galicia.

É por iso que o día antes da celebración de Expogrelo os produtores censados no concello de Abadín e baixo a IXP recollen, seleccionan,



pesan, empaquetan e etiquetan manualmente cada unha das madras que ao día seguinte poñen á venda na feira, asegurando deste xeito a máxima frescura e calidade.

Aínda que haberá feira, o alcalde, José María López Rancaño, avanzou que este ano cae moi cedo e debido ás xeadas e ao exceso de choivas non hai aínda moitos grelos. Haberá feira, pero tardará en poñerse de novo en marcha a web creada hai dous anos para a venda deste produto de tempada. Esperarán, explicou o alcalde, a que a produción sexa maior. Por outra banda, asegurou que haberá grelos nesta edición da feira.

FESTA DE ENTROIDO. O Concello de Abadín organiza para o domingo 19 de febreiro o seu popular Entroido onde nenos e maiores poderán gozar a partir das 17.30 horas co tradicional desfile de disfraces que se levará a cabo no campo da feira de Gontán baixo carpa.

O desfile estará dotado con grandes premios en metálico nas seguintes

categorías: charangas, grupos e comparsas, parellas, individuais e comparsas mixtas. Haberá premios tanto para adultos como para infantís.

A mellor charanga será premiada con 300 euros. Para os tres mellores grupos e comparsas os premios serán de 300, 250 e 200 euros, cun premio especial para unha local de 250 euros. En comparsas mixtas haberá 250, 200 e 150 euros en premios. En parellas, o contía será de 200, 150 e 100 euros con premio para unha local de 150 euros. En individual reduciráse ata 150, 100 e 75 con 100 euros para o local.

Para os pequenos establécense tamén tres premios para grupos e comparsas, para parellas e para infantil, cunha distinción especial para un local en cada categoría. As recompensas oscilan entre 200, o primeiro de comparsas, ata os 50 euros que cobrará o terceiro individual.

A xornada finalizará cunha gran chocolatada con churros. As inscricións deberanse realizar antes do 16 de febreiro.



Rematan as obras na vía de Abadín a Moncelos

Remataron as obras de mellora do firme na estrada LU-113 en Abadín, na que se investiu 2,5 millóns de euros. Comprenden o treito entre Moncelos e Abadín, en case 7,8 km desta estrada, desde o enlace coa estrada autonómica LU-121 (quilómetro 22+800) ata o remate da vía na conexión coa autovía do Cantábrico (no punto 30+600). A actuación foi licitada en maio e iniciada en agosto. Nesta intervención leváronse a cabo reforzos de firme nas zonas onde era necesario, de forma superficial ou

máis profunda, dependendo do deterioro, e estendeuse despois unha nova capa de rodaxe en toda a lonxitude do treito de actuación.

Deste xeito, realizáronse fresados e saneos localizados naquelas zonas da vía deformadas ou que presentaban xa un esgotamento estrutural do firme; e procedeuse o recricado do firme a calzada completa en todo o ancho da plataforma e na totalidade do treito da actuación. Tamén se mellorou a drenaxe, coa execución de cuneta de seguridade.



CENTRO DE DÍA. O centro de día celebrou o 14 aniversario, unha data na que as profesionais do centro realizan un festival de artistas en homenaxe ás persoas usuarias. É unha actividade moi valorada que non se facía dende antes da covid-19 e que novamente tivo unha forte acollida.

O PSOE demanda o arranxo das goteiras do pavillón

O Grupo Municipal Socialista solicita ao Concello o amaño do problema das goteiras no pavillón polideportivo municipal. "Esta situación que se ven sufrindo dende fai anos impide que se poidan desenvolver con normalidade as actividades deportivas e o que é un problema máis importante, pode supoñer un risco para a seguridade das nenas e nenos que practican deporte", engaden.

Afirman que hai tamén un equipo federado de fútbol sala do CEIP Aquilino Iglesia Alvariño que por mor desta situación non pode xogar os seus partidos como local no seu propio concello.

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

BOSCH Service
¡Para todo lo que tu automóvil necesita!
Reparaciones Carlos, S. L.
Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

meira

O Concello inicia o proceso para eleixir un novo xuíz de paz

O Concello abriu o prazo de presentación de candidaturas para o posto de xuíz de paz. Poderá presentarse calquera persoa interesada que deberá entregar a súa candidatura no Rexistro Xeral do concello, acompañada dun currículum vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal de xubilación forzosa e non atoparse incursos nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece a Lei.

A proposta de elección realizárase polo alcalde e estará xustificada nos méritos académicos e profesionais alegados, e será elevada ao Pleno da Corporación para a súa aprobación por maioría absoluta.

O acordo do Pleno xunto con copia completa do expediente, será remitido á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que pola Sala de Goberno do TSXG se proceda ao seu nomeamento.

Óscar Fernández, nomeado presidente da xestora do PP

O empresario e enxeñeiro Óscar Fernández Fernández foi nomeado presidente da xestora do PP de Meira. A dirección provincial reforza deste xeito a agrupación local do partido para chegar máis forte ás eleccións municipais do 2023 e destaca "a importancia de incorporar xente nova ao proxecto do Partido Popular da nosa provincia". Óscar Fernández, de 44 anos, é enxeñeiro agrónomo e xerente dunha empresa de enxeñería que suma doce anos prestando servizos de topografía, realización de proxectos e tramitacións de axudas gandeiras na localidade.

Substitúe a Carlos Veiga, que comunicou a primeiros de mes á dirección provincial a súa decisión persoal de non repetir como candidato do Partido Popular á alcaldía de Meira nas vindeiras eleccións municipais e así mesmo xa non será o voceiro do grupo municipal, cargo que ostenta dende que foi elixido no congreso da agrupación en abril do 2019.

Veiga continuará ata o remate deste mandato como voceiro do grupo.

Meira festexa o Entroido o 20 con concurso, festa e sorteo de agasallos

O Concello de Meira fixo público o seu programa de Entroido, que terá lugar o luns 20 de febreiro. Así, a vila volverá contar co seu popular concurso de disfraces na tarde do luns.

A celebración terá lugar no pavillón municipal. A festa dará comezo ás 19.30 horas con animación musical polas rúas da vila cunha charanga e a partir das 22.00 horas terá lugar o baile e desfile no pavillón animado pola música do dúo Época.

O concurso de disfraces terá lugar á media noite e contará un ano máis con 1.500 euros en premios.

Así, as cinco primeiras comparsas recibirán 300, 150, 100, 60 e 40 euros respectivamente. Por parellas haberá 120, 90, 70, 50 e 30 euros en premios. En individual os premios serán de 110, 70, 50, 40 e 30 euros. Ademais, haberá un premio especial da Asociación de Comerciantes e Autónomos de Meira por valor de 200 euros e un lote de produtos de ACEA Meira para o mellor disfraz meirego.

Por outra banda, ACEA sorteará



antes do concurso, un lote de produtos de entroido. As rifas repartiránse nos locais asociados á ACEA coas compras que se fagan nos días previos ao sorteo.

As inscricións para o concurso realizaranse no Concello de Meira, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, en persoa ou a través do teléfono 982 330 102, ou ben o mesmo día do desfile entre as 22.00 e as 24.00 horas.

A localidade vivirá unha nova festa de Entroido o día 19

Un ano máis, con motivo do Entroido 2022, o Concello de Outeiro de Rei organiza o tradicional concurso de disfraces, que terá lugar o 19 de febreiro (domingo de entroido) a partir das 17:00 horas na praza da Vila, baixo carpa cuberta e amenizado polo trío D'NIKA.

Xa están á disposición de todas as persoas interesadas as bases do concurso así como as follas de inscrición e información do mesmo; o prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 16 de febreiro na casa da cultura de 10.00 a 14.30 horas ou ben o mesmo día do concurso en horario de 17.00 a 17.45 horas.

A contía dos premios ascende a 2.230 euros con distinción para comparsas, parellas, individual e infantil con recompensas que os-



cilan entre os 500 e os 100 euros. Ademais, haberá premio especial para a comparsas de Outeiro de Rei (150 euros) e tres premios destacados do xurado a maiores de 100, 60 e 50 euros.

Os interesados en informarse poden facelo a través do teléfono 982 393 408 ou no correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org.

Subvencionan o punto limpo Serra de Meira para facer melloras



O punto limpo Serra de Meira vén de recibir unha subvención para a mellora das condicións das instalacións para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos. Esta instalación, situada no termo municipal da Pastoriza, presta tamén servizo aos concellos da Pontenova, Ribeira de Piquín, Riotorto, Meira e Pol.

Así farase unha ampliación da superficie de almacenamento mediante a instalación de novos contedores e xaulas, mellorase a seguridade do punto limpo mediante a instalación dun peche perimetral de paneis de malla e adecuación das portas de acceso.

Outras das melloras que se farán

consisten na instalación de cubetas de vertidos e de cubertas laterais na caseta de residuos perigosos para aumentar a protección da infraestrutura contra as inclemencias meteorolóxicas. Tamén se instalará unha caseta para a reutilización e reparación de residuos.

Engádense ás novas medidas a adquisición de transpaleta pesadora e ampliarase a tipoloxía de residuos autorizados a depositar por parte dos usuarios. Tamén contarán con cartelería e esquemas da correcta xestión dos residuos do punto limpo por parte dos diferentes usuarios e finalmente, instalarán un sistema de videovixilancia, co fin de evitar os incidentes e roubos.

Nas antigas instalacións de Tegestacín producírase queixo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, valora "a aposta" de Reny Picot para contribuír a que Galicia transforme no 2025 o 75 % do leite producido na Comunidade. O mandatario galego aplaudiu o investimento de Industrias Lácteas Asturianas (firma máis coñecida pola súa marca comercial) e asegurou, nunha visita ás instalacións adquiridas pola empresa de Navia en Outeiro de Rei, que esta aposta por recuperar a explotación chaireg dará un pulo á contorna e a toda Galicia: "Aquí empeza un futuro moi prometedor", dixo.

A meta por acadar no ano 2025 unha porcentaxe de transformación do leite forma parte da Estratexia de dinamización do sector lácteo, na que se fixaron unha serie de obxectivos que se están a cumprir. Entre eles, a consolidación de industrias en Galicia -como Reny Pi-

cot en Outeiro de Rei ou Queserías Prado en Monforte-, a apertura de mercados -a través de certificacións como o selo Galicia 100%, de produtos alimentarios ligados á marca Galicia Calidade ou do futuro selo de leite de pastoreo-, a fortaleza da cadea de valor ou as políticas levadas a cabo para acadar un prezo do leite máis competitivo que reverta nunha mellora da calidade de vida dos gandeiros galegos. Alfonso Rueda destacou os logros acadados e valorou que os leven a cabo "os que saben, as empresas do sector".

O presidente da Xunta, que visitou as instalacións agradeceu a Reny Picot a súa aposta por Outeiro de Rei, "facendo patria en Galicia", e animou a outras firmas do sector a seguir na mesma liña para que Galicia se consolide como unha potencia láctea en Europa e en España.

Sorpresa no Goberno local polo regreso do servizo veterinario

O Partido Popular anunciou a través das súas redes sociais a posta en marcha do servizo veterinario para o concello, unha noticia que causou sorpresa no Goberno local, descoñecedor deste cambio. Segundo aseguran no PP, “dende a oposición traballouse de xeito continuo co delegado Territorial e coa xefa territorial de Medio Rural para tramitar a recuperación deste servizo”. Aseguran que estará en marcha este mes polo que “os nosos gandeiros aforrarán custos para as súas explotacións e tamén tempo, evitando viaxes a outros concellos, beneficiando economicamente ao resto de sectores locais”, explicaron dende o PP.

GOBERNO LOCAL. Por outra banda, a noticia causou sorpresa no goberno bipartito, que non tiña coñecemento por parte da Xunta deste feito. Para o PSOE foi unha gran noticia xa que era “algo moi demandado por todos os partidos políticos” e sempre alegaron que “era inadmisíbel que sendo unha potencia no sector gandeiro os profesionais do sector tivesen que desprazarse a outros concellos para poder facer as xestións”. Afirmaron tamén que o alcalde socialista Primitivo Iglesias non foi invitado a esas reunións de recuperación do servizo nin recibiu comunicación

ningunha. O alcalde transmitiu “a total colaboración” do Concello, esperando que esta plaza non sexa de “quita e pon” como nas anteriores ocasións “onde o PP trouxo un veterinario para a Pastoriza antes das eleccións e despois este servizo pechouse”. Dende o grupo socialista esixen que esta praza quede incluída na relación de postos de traballo da Xunta e este servizo quede definitivo na Pastoriza.

Na mesma liña pronunciouse a concelleira nacionalista Elva Carrera. “Chámanos a atención ver como o PP se burla dos veciños da Pastoriza xa que despois de levar varios anos sin servizo veterinario, é capaz a poucos meses das eleccións de anunciar a reposición deste servizo nas redes sociais utilizando as institucións para facer campaña electoral dos candidatos que se disputan a cabeza de lista do PP”.

Afirman que esta situación xa se produxo fai 8 anos. “Era o Sr Yáñez quen facía a mesma foto co xefe do servizo da consellería naquel momento, e quen facía o mesmo anuncio. Esta nova que nos alegra enormemente xa que é un servizo fundamental nun concello coma o noso xenéranos certa desconfianza dado que a estratexia de restablecer o servizo antes das eleccións e retiralo despois non é nova”, din.

Finaliza a renovación do pavillón polideportivo



Remataron as obras de mellora no pavillón polideportivo da Pastoriza postas en marcha pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza.

As actuacións incluíron a instalación dun pavimento sintético e adaptado á diversidade da práctica deportiva que se ven desenvolvendo na pista, que se redefiniu para facilitar o acceso do público ás bancadas superiores. Tamén se fixeron melloras nas escaleiras e nas bancadas, ademais de poñer redes de protección tras as portas.

A tenente alcalde da Pastoriza, Elva Carrera, explicou que “este investimento permitiunos reno-

var unhas instalacións moi empregadas para adestramentos e competicións tanto de deporte escolar como do fútbol sala feminino, e tamén por alumnado do colexio e veciñanza en xeral” e incidiu na necesidade de “corrixir algunhas deficiencias que o edificio viña arrastrando desde a súa construción, como a ubicación da pista, con dúas columnas no fondo que dificultaban o acceso á grada”

O convenio contemplaba un investimento conxunto de 64.000 euros e financiou tamén a renovación do canalón da fachada, xa realizado por parte do Concello da Pastoriza.

Os veciños organizan unha festa de Entroido o domingo 19

O Concello da Pastoriza terá, un ano máis, a súa festa de Entroido o domingo 19 de febreiro nas instalacións da antiga ladrilleira.

A festa dará comezo ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada pola solista Belehme Arencibia, recanteira de Lugo sur. A esta seguirá, ás 14.30 horas, un xantar popular para todos os asistentes que contará con sopa de cocido e cocido completo, postre, auga, viño, refrescos, café e chupito. Terá un prezo de 30 euros para adultos e 15 para nenos de 5 a 10 anos.

Ás 19.00 horas está previsto o inicio do gran desfile de disfraces para o que poden recollerse dorsais entre as 17.30 e as 18.30 horas.

Por suposto, é regulamentario acudir disfrazado, xa que haberá premios para os mellores disfraces. A festa contará cunha chocolatada con churros.

Xa pola noite, a partir das 22.00 horas, está prevista festa rachada con Belehme Arencibia xa que a entrega de premios está convocada para as 23.30 horas.

As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 13 de febreiro no 633 255 366 ou no 610 807 548.

outeiro de rei

A obra do abastecemento incluírá un ramal baixo a A-6

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, recibiu 8 ofertas de empresas para executar as obras da 2ª fase da mellora do abastecemento de Outeiro de Rei, que completará a ampliación da rede deste municipio.

Os traballos de reforzo do sistema de abastecemento municipal, que suporán un investimento de 162.000 euros, prevén comezar e rematar este mesmo ano, ao ter un prazo de execución de 2 meses.

A entidade hidráulica da Xunta financiará o 80% da intervención, achegando o Concello o 20% restante do orzamento. Máis en detalle, as actuacións a acometer nesta 2ª fase consistirán na ampliación da rede mediante a instalación dun ramal

que conectará coa rede actual na zona empresarial de Outeiro de Rei, pasando baixo a A-6.

Estes traballos darán continuidade á 1ª fase xa executada, que abrangueu un ramal de máis de 3 quilómetros de condución. Estas actuacións supuxeron un investimento de 500.000 euros. Con estas intervencións, a Xunta ten como obxectivo proporcionar un servizo de abastecemento eficiente aos veciños e ás empresas do polígono. Así, resólvense as deficiencias que presentaba o sistema de abastecemento deste municipio.

A Xunta segue a traballar para prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver de forma eficiente as súas responsabilidades de saneamento e abastecemento.

Leña Verde encárgase un ano máis de celebrar o Entroido

A asociación Leña Verde de Pol organizará a tradicional festa do Entroido para o martes 21 de febreiro. A xornada terá actividades para público infantil e adulto e comezará ás 16.30 horas coa apertura da inscrición para o desfile de disfraces, con categorías individual e de parellas no local social de Leña Verde. Xa ás 17.00 horas dará comezo o desfile infantil, que non terá carácter competitivo, polo que se entregarán obsequios a todas as persoas participantes. A continuación, haberá unha actuación a cargo de Baralocas O Paiaso.

Para o disfrute do público adulto farase a ruta ao son dos cantos de



taberna, que levaraos ata os bares e tabernas de Mosteiro, Andián e Rioxoán co acompañamento dos grupos Leña Verde e Airiños da Freba, que darán pé a cantar, bailar e participar da alegría que sempre levan consigo. Comezará o percorrido ás 18.00 horas por Rioxoán

A Deputación aproba un investimento para a mellora dunha vía

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un novo investimento mellorando a rede de estradas provinciais.

Adxudicadas tamén as obras no cinto comarcal que circunvala a contorna de Lugo, a LU-P-1611, á altura do límite entre os concellos de Castroverde e Pol.

O proxecto consiste na construción dunha nova ponte sobre o río Azúmara e o acondicionamento do firme, e conta cun orzamento que supera o medio millón de euros: 510.997,46€. O prazo de execución é de 12 meses, unha vez iniciados os traballos.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



EN BREVE

PODA DE VIMBIOS. O domingo 12 de febreiro, de 10.30 a 14.00, a Casa das Insuas de Rábade acollerá a súa xornada anual de poda e mantemento de vimbios para cestería no Prado da Ponte baixo o nome *En pé de terra*. Os interesados en participar deberán inscribirse na dirección casadasinsuas@gmail.com ou no teléfono 620 593 892. Débese levar roupa de traballo e botas de campo.

FUTBOLÍN. Confirmada unha nova edición do Máster Nacional de Fútbol de Rábade, que este ano chega a viséximo cuarta edición e celebrase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 6, 7, e 8, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa. No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, participarán previsiblemente máis de 300 parellas. Como en anteriores edicións, espérase que se manteñan as cinco modalidades de xogo e tres niveis para disputar as partidas no pavillón do colexio e nas cafeterías Papyrus e Os Castros. Ademais, os trofeos serán diferentes xa que se deseñan para cada torneo.

O Concello ten o PXOM en fase de avaliación ambiental ata o día 22

O novo Plan Xeral do Concello de Rábade atópase en fase de avaliación ambiental estratéxica polo que está aberto un período de consultas e alegacións que pechará o próximo 22 de febreiro.

Os datos do plan poden consultarse na web da Xunta e o obxectivo do mesmo é poder telo aprobado antes da data límite imposta polo contrato, que era en 2024. As observacións e suxestións poderán ser formuladas a través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental, a través do correo electrónico no avaliacion.ambiental.estraxica@xunta.gal ou mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Vivenda. En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto coas respostas ás consultas realizadas, e farase público no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O Concello de Rábade adxudicou a Estudio Técnico Gallego, por un importe de 78.000 euros, a redacción do PXOM e de actualización da cartografía do municipio.

Organizan un obradoiro de musicoterapia a final de mes

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza a través do programa Boa Saúde un obradoiro de Musicoterapia en Rábade dirixido á poboación en xeral para fomentar os hábitos de vida saudable entre a poboación. Terá lugar no Centro sociocultural de Rábade o 27 de febreiro entre as 10.30 e as 12.30. O obxectivo é previr e axudar a incrementar ou restablecer a saúde física e mental a través da música; ademais de promover o mantemento cognitivo, social, motriz e emocional. O programa contará con definir e reflexionar sobre o son, o ruído, o silencio e a música; identificar estilos de música adecuados o grupo; dar a coñecer tipos de música que promoven diferentes estados de ánimo; traballar co corpo e a voz percibindo sensacións musicais; cantar cancións que traballen os records, especialmente folclore galego; tocar instrumentos musicais fomentando a creatividade, imaxinación e reali-



zación persoal, e o baile, que facilite momentos lúdicos e de distensión con sinxelos movementos corporais. A formación estará a cargo de Damián Cairo Touriño, profesor de Música no conservatorio da Coruña. O prazo de inscrición está aberto ata o 23 de febreiro a través da web da escola galega de saúde; por mail na dirección prevenciondrogas@rabade.org remitindo: nome e apelidos, enderezo, mail, teléfono e dni; ou no propio concello de Rábade, no servizo de prevención de drogas, de forma presencial.

O BNG pedirá un pleno para falar sobre o centro de saúde

“O alcalde e os concelleiros do PP negáronse a debater no último pleno ordinario a moción do BNG para reclamar á Xunta a cobertura das dúas prazas de médico no centro de saúde, apoiar a mobilización social en defensa da sanidade pública e reprobar a xestión dos responsables políticos da Consellería de Sanidade”, así o explica o BNG da localidade.

A pesar de que a moción estaba incluída na orde do día do pleno, “o Partido Popular vetou o seu debate, escudándose na ausencia do concelleiro do BNG, que non puido acudir por baixa médica e que solicita igual a votación”, afirma.

Dada a situación, o BNG presentará unha solicitude de pleno extraordinario para que o goberno municipal aclare que xestións esta a realizar neste momento clave para o futuro do centro de saúde.

Riotorto terá unha festa de Entroido infantil

O Concello de Riotorto organiza unha festa de Entroido infantil o martes 21 de febreiro. A xornada, que será de 17.00 a 20.00 horas, contará con inchables e talleres ademais do tradicional desfile. Despois da festa ás 20.00 horas, que se celebrará no pavillón polideportivo, poderase desfrutar de chocolate con churros. Para participar non será necesario anotarse previamente no Concello.



CENTROS VECIÑAIS. O Concello tamén organiza un ano máis unha comida de Entroido, que terá lugar o mércores 15 de febreiro. A xornada dará comezo ás 14.30 horas e estará amenizada por un dúo musical aínda sen confirmar. O menú, que ten

un prezo de 20 euros por persoa, inclúe sopa, cocido completo, sobremesa e bebidas. A data límite para anotarse é o 13 de febreiro, e terá que facerse nos centros veciñais con preferencia para as persoas inscritas nas actividades.

Recuperan a Feira do Ferro tras tres anos

A XIV edición da Feira da Artesanía do Ferro volverá este ano celebrarse o 16 de abril tras tres anos sen festa por mór da pandemia.

Esta cita, que está organizada pola Asociación de Ferreiros e o Concello de Riotorto, convoca a XIV edición, que foi suspendida con case todo listo no ano 2020, cando no mes de marzo, se declarou o confinamento.

A organización do evento fará público o programa no mes de marzo pero espérase que novamente conte con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, alfarería e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

Normalmente esta celebración conta tamén con outro tipo de espectáculos musicais e postos de comida durante todo o día no que é un dos días grandes de Riotorto.

TRADICIÓN. A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Na actualidade na zona hai aproxi-



madamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”, din dende a asociación.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
 Tlf 982 523 649 – 982 523 601
 619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

DEPUTACIÓN

Reclaman á Xunta axudas para os concellos afectados polo temporal

A Deputación reclamará á Xunta que poña en marcha unha liña de axudas para os concellos máis danados polas borrascas de xaneiro Gerard e Fien, como é o caso de Lugo, Begonte, Viveiro, Cospeito, O Vicedo, ou Pedrafita do Cebreiro. O Goberno provincial sacou así adiante unha proposta que foi aprobada por unanimidade dos grupos da Corporación no Pleno ordinario.

Lamentou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto, a falta de "lealdade institucional" que está a amosar a Administración autonómica ante este tipo de incidencias coas entidades locais, lembrando varias situacións recentes nas que a Xunta "non estivo á altura". Así, recordou como, ante a sarabia que afectou a zonas vinícolas da Ribeira Sacra hai dous anos, "recomendaba ós afectados ter contratado un seguro privado", ou a "decepción" da súa resposta ante a vaga de lumes que asolou a provincia o pasado verán. "Agora, ante un temporal que ten afectado a amplas zonas de Galicia, e dun xeito especial á provincia de Lugo, a Xunta volve dar un paso ó lado e pretende que, unha vez máis, sexan as entidades locais as que asuman, tanto o traballo fronte ó temporal, como o custo da recuperación da normalidade", sinalou.

García Porto destacou que, en contraposición, "dende a Deputación, puxéronse en marcha de inmediato todos os medios da institución para desenvolver un dispositivo de cooperación cos concellos que permitiese manter aberta a ampla rede de estradas da provincia, minimizando



o tempo dos cortes derivados das distintas incidencias".

Expuxo a voceira socialista do Goberno que o desbordamento este mes de xaneiro dos ríos Miño, Cobo ou Sor "asolagaron amplas zonas do territorio, provocando inundacións de ata metro e medio de auga en vivendas particulares, comercios ou edificios públicos". E lembrou que en territorios como O Courel, "a erosión das choivas torrenciais é aínda máis grave ó actuar sobre unha zona afectada polos efectos dos lumes do verán, empobrecendo aínda máis uns solos moi castigados."

"Ante a gravidade dos danos", sinalou a tamén Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, "a Administración autonómica ten que establecer mecanismos de axuda para facer fronte ós danos económicos derivados dos temporais, para que esta carga non teña que ser asumida en solitario polas facendas locais". Explicou tamén Pilar García Porto que "danse todos os requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia" e lembrou

que a Deputación de Lugo xa está axudando ós concellos afectados "cumprindo coa súa razón de ser".

A institución provincial solicitará, polo tanto, a declaración por parte da Xunta de "emerxencia de interese galego" os danos rexistrados en Galicia polo efecto dos temporais de xaneiro; que a Administración autonómica habilite unha liña de axudas económicas para os concellos afectados que se establezan en función dos danos rexistrados e do impacto do temporal en cada municipio; e que inclúa axudas específicas para a Deputación de Lugo, que atendan ó seu carácter de administración local, para axudar a cubrir o custo dos traballos realizados durante o temporal.

MILLÓN DE EUROS. O presidente, José Tomé Roca, avanzou que a institución destinará preto de 1M€ para arranxar as 11 estradas provinciais que resultaron danadas polo temporal de Nadal.

As estradas afectadas discorren polos concellos de Castro de Rei, O Corgo, Baleira, Guntín, A Fonsagrada, Chantada e Carballedo.

Adxudican as obras da residencia de Guitiriz por 2 millóns de euros

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación das obras para construír o Centro de Atención a Maiores de Guitiriz, cun orzamento de preto de 2 millóns de euros. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, destacou que "cumprimos así co compromiso manifestado polo presidente da Deputación á alcaldesa e ós veciños e veciñas de Guitiriz, sacando adiante un novo contrato para construír a residencia deste municipio chairego". A empresa adxudicatária é Jesús Naray SL e o prazo de execución do proxecto é de 18 meses, unha vez

iniciados os traballos.

García Porto sinalou que esta dotación "cubrirá unha demanda social e xerará economía e emprego no concello e na comarca gracias á implicación da Deputación de Lugo e do Concello", e lamentou precisamente que a institución provincial continúa a traballar na súa rede de residencias "sen ningún apoio por parte da Xunta de Galicia, que é a Administración que por Lei ten as competencias en materia de servizos sociais, e que debería asumir, ou cando menos colaborar, para crear este tipo de dotacións tan necesarias no noso rural".

Lembrou a voceira socialista que o ano pasado foi necesario asinar un novo convenio de colaboración da Deputación de Lugo co Concello, despois de que un temporal provocara o colapso do edificio da Casa da Botica, un inmoble no que estaba previsto albergar boa parte das instalacións do centro de maiores. "Un incidente que obrigounos a comezar practicamente de cero", relatou. Enumerou García Porto neste sentido que foi necesario primeiro resolver o contrato coa anterior empresa adxudicatária das obras e redactar un novo proxecto.

Presentan en Fitur a campaña Lugo, provincia románica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no stand de Galicia na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística lanzada pola institución provincial, Lugo, provincia románica, coa que dá un novo paso na súa estratexia para impulsar o turismo de calidade e sostible. Así o explicou Tomé Roca na presentación deste mediodía, na que estivo acompañado polo protagonista da campaña, o actor Chechu Salgado, natural de Sober e que foi distinguido co Goya ao Mellor Actor Revelación no 2022.

O promocional da Deputación, tal e como relatou o propio actor sobre o escenario de Fitur, amosa a viaxe

sensorial de Chechu Salgado pola provincia. Un audiovisual no que a paisaxe e o rico patrimonio do territorio acompañan ao intérprete para compartir cos espectadores a experiencia única que viven os visitantes que escollen Lugo como destino turístico.

Sobre a iniciativa da Deputación, o presidente explicou que "este ano optamos polo románico como fío condutor da nosa proposta". Sinalou que "Lugo é unha das provincias españolas nas que este estilo, ligado ao Camiño de Santiago, deixou maior número de monumentos. Unha concentración que sitúa a zonas como a Ribeira Sacra entre os grandes polos do románico a nivel de toda Europa".

Comezan as obras da vía que une Vilalba e a Feira do Monte



A Deputación de Lugo iniciou as obras para o acondicionamento da estrada LU-P-6501, que une o concello de Vilalba coa Feira do Monte, en Cospeito, cun investimento de 254.000€.

Os traballos, que afectan a un treito de case catro quilómetros —dende o comezo da vía ao punto quilométrico 3,835—, consiste na reapertura de cunetas a través dunha drenaxe

lonxitudinal, que aporta unha maior estabilidade, e a limpeza da vexetación. Posteriormente, levarase a cabo a pavimentación con aglomerado en quente sobre o firme xa existente. Esta nova superficie dará unha maior regularidade á vía e aumentará a súa capacidade. Finalmente, realizarase o pintado horizontal da estrada mediante marcas viais reflexivas brancas.

DEPORTES

Miguel Alvariño vén de ser nominado aos World Archery Award

O arqueiro pontés, Miguel Alvariño, vén de ser nominado entre os cinco mellores seteiros da pasada tempada na modalidade de arco recurvo nos World Archery Award.

Compiten xunto a el por esta distinción Kim Woojin, de Corea; Florian Unruh, de Alemaña; Marcus D'Almeida, de Brasil e Mete Gazoz, de Turquía. Todos eles seteiros da elite mundial deste deporte.

Os afeccionados poden votar polos seus seteiros favoritos en seis das 10 categorías ata finais de febreiro de 2023 a través do minisitio WorldArcheryAwards.com.

Os nominados para os nove premios recibíronse de federacións nacionais e membros da prensa.

A tempada realizada por Miguel Alvariño foi espectacular, tanto polos seus triunfos a nivel europeo como nas probas de carácter mundial. A máis destacada foi a prata da fase final da Copa do Mundo, á que só acadaron os mellores dos mellores. Ademais, recoñecen as 4 de ouro, 5 de prata e 4 de bronce en distintas fases da Copa do Mundo.

Os clubs poden pedir as axudas da Xunta

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para este 2023.

Deste xeito, os clubs deportivos xa poderán solicitar as súas axudas para 2023 que terán un orzamento global de 2 millóns de euros, ao igual que en 2022 cando subiu un 5% respecto ao presuposto de 2021, distribuídos en dúas liñas de axudas.

Por unha banda, 1.910.003 euros para o desenvolvemento de actividades deportivas polos clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas e os case 90.000 euros restantes a núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE). A axuda máxima por entidade beneficiaria 10.000 euros, na primeira liña, e 29.999 euros na segunda.

Como protagonistas da segunda liña de axudas, os NADE regulan o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

Vilalba repartiu os premios aos mellores deportistas do ano

O auditorio vilalbés acolleu a celebración da quinta edición da Gala do Deporte, unha cita moi agardada na que se deu un recoñecemento institucional aos méritos dos e das deportistas vilalbeses, técnicos, entidades deportivas, así como todas as figuras representativas no labor fundamental da promoción do deporte no noso concello.

“Todos e cada un dos éxitos son unha proba de que a vontade de traballo, a capacidade de sacrificio e o esforzo por acadar as metas sempre trae grandes resultados, grazas por levar o nome de Vilalba con orgullo en todas as competicións deportivas”, dixo a alcaldesa, Elba Veleiro, durante o acto de recoñecemento.

O premio á mellor deportista foi para Judih Dobao Fraga en ximnasia rítmica e o premio ao mellor equipo para o masculino absoluto do Vilalba FS. Ademais, o premio ao mellor



deportista promesa correspondeu a Olivia Luque Blanco, na especialidade de danza, mentres que o mellor club ou entidade deportiva correspondeu a Movemento Escola de Danza.

Tamén houbo un recoñecemento para o mellor adestrador, que foi para Joaquín Martínez Fernández Quini, do Vilalba FS, mentres que a distinción para o mellor labor no de-

porte base foi para o RC Villalbés.

María Roca levouse o premio ao mellor labor informativo e o loitador José Cuba Vázquez á traxectoria deportiva. Finalmente, foi calificado como o mellor evento deportivo o torneo San Ramón de Tenis.

Ademais houbo mencións especiais para Edelmiro Millor Paz, Miro e Ramón Infante Vázquez, de fútbol, e José María Peón Peña, en fútbol sala.

Xornada sobre o taekwondo e a discapacidade

O salón de actos da casa da cultura de Vilalba acollerá o 25 febreiro, a partir das 10.30 horas, a celebración da II Xornada de Taekwondo inclusivo. Trátase dunha actividade gratuíta que necesita inscrición previa xa que ten un límite de aforo de 60 persoas.

O obxectivo da sesión é ser un punto de encontro entre practicantes de artes marciais (alumnos e mestres) para reflexionar sobre os beneficios da práctica das AA.MM. en persoas con discapacidades ou sen elas.

O programa arrancará ás 10.30 coa presentación a cargo do mestre Antonio Montes.

A continuación haberá unha charla a cargo de Benjamín Reyes Martín licenciado en Medicina pola Universidade Complutense de Madrid e na Facultade de Medicina Tradicional China da Universidade de Beijing. A temática a tratar será a sensibilización e aproximación ao adestramento en discapacidade.

O Rácing ten novo himno e un equipo Genuine



O presidente do RC Vilalbés, Juan Vázquez Carreira, presentou en Vilalba as últimas novidades do club ante os socios e simpatizantes.

Así, o club deu a coñecer as tres grandes novidades para este ano. A primeira delas é o novo himno. O tema orixinal, interpretado polo grupo Batital, foi composto polo chairego Fran Muínelo, con dirección musical e arranxos do músico bielorruso Yuri Sidar, e a produción do teclista Adrián Arias, todos eles membros da banda lucense, masterizándose nos estudos Abriagueiro de Arturo Vaquero. *Sentimento Vilalbés*, que así se chama o himno, nace da colaboración entre Batital e o Rácing Club Vilalbés, e é unha mestura

de estilos musicais cunha gran riqueza instrumental e rítmica. A súa letra exalta a historia e os valores do club e da propia vila de Vilalba, co obxectivo de unir ao equipo e á afección e converterse nun referente de calidade no cancionero futbolístico.

Ademais, o club presentou o novo equipo Genuine, formado por persoas con diversidade funcional. Trátase dun proxecto que o novo presidente defende dende a súa chegada ao club e para o que contou coa colaboración do Centro Ocupacional de Vilalba-Terra Chá. Finalmente, o Vilalbés presentou tamén a nova páxina web, que leva semanas en elaboración e que se fixo pública xusto durante este acto oficial.



FÚTBOL SALA FEMININO. A vicepresidenta da Deputación de Lugo Maite Feireiro e o deputado de Deportes Efrén Castro recibiron no Pazo de San Marcos Ás xogadoras que veñen de participar coas seleccións galegas de fútbol sala feminino nas finais dos campionatos estatais das categorías sub 16 e sub 19: Claudia Rodríguez e Lola Muñoz (Burela FS), Antía Corral e Irene Suárez (FSF Castro) e Mara Fiallega (Ribeira FS), que competiron coa sub 16, e Daria Kowskyk (Burela FS), Yanira Guizán (EDM Concello de Guitiriz) e Aroa Rodríguez (Vilalba FS), coa sub 19.



NOVA EQUIPACIÓN. A Escola Deportiva de fútbol sala recibiu a nova equipación. En total son 93 os nenos e nenas que participan no programa de actividade lúdico-deportiva Xogade esta tempada, para os que se compraron ata 118 equipacións repartidas entre as diferentes categorías. Así, estrearán vestimenta os dous equipos prebenxamíns, os dous benxamíns, os dous conxuntos que se formaron da idade alevín, os dous infantís e o equipo cadete.

“Hai anos que non viña tanta xente ao municipal ver baloncesto”

Manuel Crende, presidente do CB Terra Chá, que vén de sacar un equipo novo

En que ano naceu o club?

Nacemos no ano 2010. Xuntámonos un grupo de xogadores que xa estaban no Club de Baloncesto Vilalba e comezamos a xogar de novo e deunos por facer un club. Quixemos empezar de novo así que formármolo de cero. Nun principio eramos 12 os que arrancam co proxecto. Agora somos arredor de 45 licencias, 17 en sénior masculino, 15 en feminino máis os 9 de premini.

Comezaron xa a competir dende o principio?

Si, arrancam primeiro na Terceira División masculina e desde o principio a intención era ir ascendendo. Este ano conseguimos por fin ascender a Segunda División. Tamén temos un sénior feminino que saíu da canteira, comezaron en infantil e pasaron por cadete e júnior e agora son sénior e están na Segunda División tamén. E este ano sacamos un equipo novo, un preminibásquet mixto no que temos 9 fichas e que fixo o seu debut pechando a primeira fase da competición.

Canta xente teñen na canteira?

Ademais deste equipo de premini, con 9 fichas, temos nas escolas deportivas municipais un total de 43 nenos. De aí saíu este equipo. Antes da pandemia tiñamos pensado sacar

algún equipo máis pero coa chegada da pandemia retrasouse todo porque quedou o tema dos horarios moi limitado. Logo viñeron os gromos e aínda foi a peor.

Foi complicado logo coa pandemia?

Foron tempos complicados, si, de feito, moitas escolas e clubs desapareceron, pasou en todos os deportes. Superámolo é certo, pero supuxo un parón na actividade e tamén un paso para atrás en moitas cousas. Para nós por exemplo foi difícil pero tivemos a sorte de seguir medrando en número de licencias. Nós decidimos seguir adestrando pero rexeitamos competir mentres non se solucionase o problema.

Como vai a tempada e cales son os obxectivos?

O sénior masculino a meta principal é manterse xa que é o primeiro ano na categoría. Polo de agora levamos 7 derrotas e 5 vitorias e non hai queixa pero temos que seguir traballando. Ao sénior feminino estalle custando arrancar, ben é certo que as xogadoras melloraron moito para ter saído fai nada de júnior. O ano pasado quedaron últimas e este están máis arriba. E os pequenos aí están, aprendendo que é o que teñen que facer. Estamos competindo con clubs que levan toda a

vida así que hai que ser conscientes de que temos que pasar unha etapa de aprendizaxe. O importante é que están encantados, están aprendendo a xogar, compañeirismo... hai que saber que si perden, perden todos, e se gañan, tamén.

E proxectos a longo prazo?

Non podemos facer unha previsión porque nunca sabes como vai ser. Si para o ano que vén hai un grupo da mesma idade que se poida sacar equipo, intentaremos sacalo, pero sen forzar. Hai que ir pouco a pouco. O que está claro é que as escolas cada vez están medrando máis, os adestradores fan un gran traballo, os nenos divírtense e aprenden e cada ano aparecen máis. O neno que empenza con nós é raro que o deixe.

Que necesidades ten o club?

Economicamente imos arranxando. Somos un club pequeno e competir é caro pero todos están aportando, ben sexa poñendo cartos, ou poñendo os coches para os desprazamentos, por exemplo. Os problemas que temos é de espazo. Demandamos outro pavillón. Hai un proxecto no Mato Vizoso, que está para arranxar, pero non sabemos como están os tempos. Sería un bo lugar para que os nosos preminis adestraran porque así non ocupan o Municipal,



que está moi demandado e é difícil atopar horas para adestrar. O Mato está moi obsoleto, vale para adestrar pero non para xogar porque está coas liñas antigas. Estamos esperando que empece a obra.

Que tipo de axuda teñen?

O Concello pórtase moi ben con nós, non nos podemos queixar. Non temos un patrocinador único, porque iso é difícil, son moitos cartos, pero temos moitos colaboradores, pequenos, que van aportando cartos e grazas a eles, estamos saíndo para adiante. Estamos moi agradecidos polo seu apoio e aportación e gústanos lembralos sempre nas redes sociais.

Que tal a afección?

Pois sempre está aí, apoiando. Unhas veces poden vir e outras non, depende dos horarios dos partidos, pero ás veces sorprendente aparecendo a un partido entre semana. Non enchen o pavillón pero había anos que non se vía tanta xente no municipal para ver o baloncesto.

Realizades outro tipo de actividades fóra da competición?

Antes da pandemia, fixemos dous ou tres anos un campus polo verán, unha semana. Coa pandemia lóxicamente parouse e o ano pasado non se fixo porque a situación non estaba clara pero temos intención de retomalo. Tamén colaboramos co 3x3 que organiza o Centro de Xuventude, con material, equipos e axuda.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADE

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

☒ Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓN

A fala estremeña

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Servidor tivo a sorte de poder visitar destinos alén dos mares, moi lonxe de aquí. Así, a casualidade quixo que se producisen estadias en países como Mozambique, no sur de África, e Brasil, en América. En ámbolos dous, a comunicación coa xente resultou doada. “Voçe fala coma nós...”. Frase que adoitaba escoitar, dita con sorpresa e admiración ao mesmo tempo por aquelas persoas coas que un conversaba. Homes e mulleres de distintas idades falaban en portu-

gués, unha lingua moi semellante á nosa e da que podemos afirmar que é o galego internacional, idioma oficial nos dous estados citados e noutros como Angola, Guinea Bisao, Cabo Verde ou Timor Oriental. En total, estímase en máis de dous centos millóns os falantes de portugués no mundo. Recentemente faleceu o escritor Domingo Frades Gaspar, nado en San Martín de Trejejo (Cáceres) e membro da Real Academia Galega –RAG-. Foi un comprometido defensor, ademais de aplicado estudoso, da Fala estremeña, unha lingua propia dunha zona da provincia de Cáceres composta por tres municipios, o citado máis os de Eljas e Valverde del Fresno, e que foi declarada como

Ben de Interese Cultural no ano 2001. A peculiaridade que lle vendada atópase no extraordinario parecido co noso galego. Si, en Estremadura, a máis de cinco centos quilómetros da Chaira, falan tamén coma nós, ou canto menos, moi aproximado. Son unhas cinco mil persoas que a conservaron, transmitíndoa de xeración en xeración, nun entorno monolingüe español, de maneira única e exclusivamente oral, xa que apenas existen textos escritos onde se poda ler e aprender. Todo un mérito sen ningunha dúbida o desta xente, quen merece total recoñecemento. Resulta curiosa esta realidade lingüística, a cal tamén está en risco de extinción, como nos ocorre a nosou-

tros. Porque onde se fala existen dous fenómenos que nos son familiares, o despoboamento e o avellentamento, cada vez menos xente e cada vez máis vella, polo que resulta evidente que o seu futuro sexa moi incerto. Aínda así, sempre aparecen persoas comprometidas, como o recentemente falecido, o mencionado escritor Domingo Frades Gaspar, e outros que se empeñan en que esta peculiar e moi minoritaria lingua non desapareza. A presenza da Asociación Cultural A Nosa Fala é un claro exemplo de tenacidade e perseverancia, quen vela para que siga sendo un Ben de Interese Cultural, non só nos lugares onde a teñen como propia os seus habitan-

tes, senón para todo aquel que amose sensibilidade por estas peculiaridades que nos achegan a nosoutros, aínda que vivamos a centos de quilómetros. Curiosa resulta a historia dun lingüista checo afincado nun dos tres municipios sinalados, quen escribiu e publicou o primeiro dicionario de A Fala, recopilando trece mil vocablos.

A supervivencia dunha lingua como esta ou como calquera outra que non é maioritaria, supón todo un desafío nos días de hoxe. A clave está na transmisión e se esta non se leva a cabo, estes idiomas están condenados a desaparecer. E sería unha perda considerable e, o máis probable, que sexa tamén irremediabile.

O día que Carrière dixo “oui”

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Jean-Claude Carrière (1931-2021) foi un actor e guionista francés, gran colaborador de Luís Buñuel e un dos máximos expoñentes do surrealismo francés. En xullo de 2011, o goberno de España –presidido por Rodríguez Zapatero– concedeu a Orde das Artes e das Letras e, un ano despois, cando Ramón Chao lle propuxo o cargo de presidente de honra de Amigos de Prisciliano, aceptou encantado o ofrecemento cun sonoro “oui”, puntualizando que en realidade prefería ser “presidente herético”. Dito e feito. A conversa entre ambos tivo lugar na emblemática librería Shakespeare & Company, sita no quinto distrito de París e considerada un verdadeiro referente cultural, que ademais aparece en numerosas películas e series de televisión. Carrière graduouse en literatura e historia e publicou a súa primeira novela con vinte e catro anos. Escribiu máis de 150 guións de películas, converténdose no guionista máis requirido da historia do cinema europeo. Foi tamén un prolífico novelista, ensaísta e dramaturgo. E sempre traballou cos mellores; en teatro, por exemplo, xunto a dúas glorias como os len-

darios Jean-Louis Barrault e Peter Brook. A súa colaboración con Luís Buñuel como guionista comezou coa película ‘Diario dunha camareira’ (1964) e prolongouse en varios filmes posteriores, incluíndo ‘Belle de jour’ (1967), ‘O discreto encanto da burguesía’ (1972), ‘A pantasma da liberdade’ (1974), ‘Ese escuro obxecto do desexo’ (1977) e ‘A Vía Láctea’ (1969), na que tamén interpretou o papel de Prisciliano. Contáballe Carrière a Chao que Buñuel tivera a idea de rodar unha cinta sobre as herexías da relixión cristiá tras ler ‘Historia dos Heterodoxos Españóis’ de Marcelino Menéndez Pelayo, aos poucos meses da súa chegada a México. A Buñuel fascináballe a posesión da verdade e a extravagancia de certas invencións dos herexes que, convencidos da súa razón tanto como os cristiáns, foron sometidos a numerosos martirios por parte da Igrexa católica. Esta admiración viuse acentuada por unha frase de André Breton, que Buñuel atopou tempo despois, na que o escritor de Tinchebray, a pesar de a súa aversión á relixión, recoñeceu que o surrealismo tiña “certos puntos de conexión cos herexes”.

Aquel diálogo entre libros con Jean-Claude inspiroulle a Ramón a idea de organizar en Vilalba un cine-coloquio coa proxección de ‘A Vía Láctea’ de Buñuel, que finalmente celebramos o 31 de agosto de 2013 no Auditorio Municipal da



capital chairega, onde Chao interpretou ao piano ‘O lago de Como’ de Gallas, como colofón do acto. Ao regresar a París amosoulle a Carrière varias fotografías da entrañable xornada e agasallouno

con unha camiseta de Amigos de Prisciliano. Ramón afirmaba que preguntarlle a Carrière por Buñuel, con quen colaborou durante case vinte anos, era en realidade “unha obriga”, pois tiveran unha relación moi estreita, de amizade e afecto mutuo. De feito, participou na redacción das maravillosas memorias de Luís Buñuel (‘O meu derradeiro suspiro’) e lembraba que as penúltimas palabras do director foran anunciar a súa despedida deste mundo: “Gustaríame ser consciente da miña propia morte”.

Jean-Claude Carrière tamén traballou con outros directores españois, como Luís García Berlanga (‘Tamaño natural’). Foi autor dos guións de ‘O tambor de folla de lata’ (1979), ‘O regreso de Martin Guerre’ (1982), ‘A insupportable levedade do ser’ (1988), ‘Valmont’ (1989), ‘Cyrano de Bergerac’ (1990), ‘O húsar no tellado’ (1995) ou ‘As pantomas de Goya’ (2006), entre outras películas. Agudo observador da realidade e recoñecido de xeito unánime como un guionista clave na historia da sétima arte, os derradeiros anos da súa vida dedicounos a impartir clases para novos cineastas, en tres idiomas: francés, inglés e español, este último aprendido “sobre todo nas tabernas”, como adoitaba dicir. Do seu método de traballo como guionista, afirmou o seguinte: «O inconsciente sem-

pre resulta fundamental, tamén ao escribir. Para que un personaxe sexa completo, sempre hai que dotalo dun subconsciente propio. Todo escritor debe conferir zonas escuras aos seus personaxes. E cando fan cousas absurdas ou impropias deles hai que deixarles tomar ese camiño imprevisto».

Pouco antes da pandemia emprendeu unha viaxe que pode considerarse o seu legado definitivo: un tránsito de dez días por España visitando distintos emplacements frecuentados no seu tempo por Francisco de Goya. Esa peregrinación foi rexistrada por José Luís López Linares nun documental, participado por RTVE, que presentou no Festival de Cannes, baixo o título ‘Goya, o ollo que escoita’. A súa cámara acompaña a Carrière –un home sabio, un home bo– dende Aragón ao Museo do Prado, mentres o francés agasalla ao público coas súas reflexións sobre o pintor español e diversos amigos e especialistas achegan as súas opinións.

Jean-Claude Carrière finou na súa casa, en París, o 8 de febreiro de 2021. Tivo unha morte doce, mentres durmía. Tras o seu pasamento, o cargo de “presidente herético” de Amigos de Prisciliano foi asumido por Ignacio Ramonet, quen ademais exerce na actualidade como “embaixador plenipotenciario” da nosa asociación cultural polo mundo adiante.

Xaquín de Roca, crego, enfermeiro e ganduxador de vidas (e II)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O compromiso de Xaquín sigue vixente en todas facetas da súa vida: no asociacionismo veciñal, na defensa do idioma e da nosa cultura; do teatro popular e grupos de danzas, pero sobre todo no seu voluntariado altruísta na cárcere de Teixeira, porque pensa que a cárcere por si sola non educa e quere ofrecer a quen delinuiu no seu día o camiño da rehabilitación e reinserción na sociedade, tratándoas coa dignidade que merecen e merecemos todas as persoas. En 1968, Don Xacinto Argaya Goicoechea, envíaio a Piñeiro, Narón, e alí tocáronlle momentos moi delicados. No ano 1972 houbo na comarca de Ferrol unha gran revolta obreira que rematou co asasinato de Amador Rei e Daniel Niebla a cargo da policía; e o conflito de Megasa, que durou sete meses, con despedimentos e listas negras que o pillaron de cheo. Ademais, unha noite chegaron de súpeto a Freixeiro doce familias de xitanos con case duascenas persoas a un terreo mercado por Cáritas. Só traían os carros e moitos nenos. Para poder

atendelos fixo de enfermeiro e incluso aprendeu caló para entenderse con eles, idioma que aínda emprega no cárcere de Teixeira, onde segue facendo voluntariado.

No ano 1975 asasinan a Moncho Reboiras na rúa da Terra e crease unha situación de represión, pois tanto civís como cregos, e incluso o bispo Don Miguel Arauxo, foron sometidos a interrogatorios, rexistros de vivendas e locais, requisas de materiais: bolígrafos e paquetes de folios de papel en branco que logo non apareceron, porque todo valía para acusar a quen fose con tal de xustificarse policialmente, pero nunca lles devolveron nada e incluso lles controlaban as misas e homilías. El era un daqueles curas obreiros e considerábano perigoso por estar ao lado dos traballadores e de ser consecuente coa súa clase e co seu pobo.

Como xa dixemos anteriormente, sempre tivo un cariño e unha sensibilidade especial polas xentes mais sinxelas e con menos medios ao seu alcance. De aí que, sen ser dos Vilares, sempre tivo unha gran devoción polos trapeiros da miña parroquia. Habilidade e inciso coa súa pluma, escribiu sobre deles verbas tan bonitas e emocionantes como estas: "Os trapeiros eran apreciados e queridos en todos os sitios polos



que pasaban. Teño unhas lembranzas e memoria deses rapsodas que se movían polo mundo enteiro en tempos de pobreza e miseria. Cantas alegrías teñen levado sabendo escoitar, contando cousas, levando e traendo os aires saudosos e ventureros dunha vida que tanto necesitaba de azos e ánimos. Eles, sabendo valorar o que xa non valía, ían deixando a cambio, por troco, algo tan sinxelo coma agullas de diversos usos que aquelas xentes non tiñan, nin tampouco cartos para mercalas. E solucionaban vida e sementaban vida e facían rir. Eran grandes contadores e creadores de fábulas e

mesmo andrómenas que logo eran citados durante moito tempo. Cando estiven nas montañas do Valadouro, ao saberme das terras de Parga, foron eles quen me abriron as portas das casa porque coñecían a este trapeiro ou aquel outro. Foron os meus valedores. Porque os trapeiros, nós temos moi claro, que eran maioritariamente de Os Vilares. Pero traspasadas as fronteiras da nosa bisbarra todos eran de Parga no dicir popular. Por iso eu lles son debedor porque, grazas á súa bonhomía, a min abríronse portas, por asociación, en sitios por onde andei e a moita honra. Nunca deixei de recoñecerme neles. Ao contrario, sentínme querido e honrado".

Emocionante! Quizás non se pode expresar mellor nin con menos palabras a humilde labor dos meus veciños trapeiros.

As xentes das parroquias de Santa Mariña (onde foi substituír a Xosé Chao Rego por mandato do bispo D. Xacinto Argaya; San Paulo de Cartabois, San Mateu de Trascancos, Oiras, Figueiras, Piñeiros, Narón, Mandiá, Marmancón e doutras

moitas, son testemuñas da súa bonhomía e téñeno como modelo de crego que sempre se preocupou polo benestar dos deus fregueses. Tampouco os curas son todos iguais, e para min é un orgullo manter amizade con cregos da categoría de Xaquín, de Alfonso Blanco Torrado e de Luís Rodríguez Patiño, aínda presentes, e tamén da que mantiven cos cregos xa desaparecidos: o historiador de Maceda, Francisco Carballo Carballo e o baluro máxico Xosé Manuel Carballo Ferreiro, que nos puxo a Don Otto viaxando con nós pola chaira. Cregos apegados ao pobo co que loitan ou loitaron por un mundo mellor e mais xusto; todos eles intentando crear un ceo na terra, ou polo menos procurando que non se converta nun inferno para os mais desvalidos. Esa é, e foi, a honrosa e nobre intención de todos eles e do amigo Xaquín.

Encetei a primeira parte deste artigo dicindo que Xaquín é un bo home e mellor crego e quero rematar esta segunda, pregando que nos acompañe por moitos anos máis este bo crego e mellor home.

Paixón por ensinar

O PUPITRE



Julio Díaz

A paixón (do verbo latino "patior" que significa sufrir ou sentir) é unha emoción definida como un sentimento moi forte cara a unha persoa, tema, idea ou obxecto. Así, a paixón, é unha relación intensa que engloba o entusiasmo e o desexo por algo. Esta é unha definición que dela fai a Wikipedia, pero a paixón no ensino é algo máis. Os procesos educativos son cambiantes, dinámicos e deben ser variados cada día. Nos, os docentes, non podemos nin debemos movernos exclusivamente no ámbito do cotián e rutineiro. De feito, é de todo necesario adaptarnos ás novas necesidades e ferramentas que pouco a pouco van xurdindo. Pero así e todo con isto non chega porque o realmente importante é traballar con paixón o discurso, optimizando deste xeito o máximo os procesos e estratexias.

As persoas que nos dedicamos a ensinar temos nas nosas mans unha das profesións máis cativadoras e enriquecedoras do mundo, pero ocorre que, os múltiples atrancos que habitualmente nos atopamos no noso traballo diario acaban minando o noso entusiasmo. Pero contra isto temos a nosa paixón, o combustible que pon en marcha a motivación daquilo que de verdade queremos realizar. Todas as persoas que transmitimos coñecementos, construímos valores e desenvolvemos personalidades, realmente vivimos intensamente este crecemento dos nosos alumnos. Todo isto conséguese expondo constantemente retos e desafíos, con toda a problemática que isto conleva, pero a recompensa sempre merece a pena. A vocación é a base que precisamos todos os que queremos dedicar a nosa vida á nobre tarefa de educar. O exercicio do maxisterio é un modo de darse, de entregarse aos demais e, por iso mesmo, é un dos camiños máis dignos que ten o ser humano para acadar a felicidade tanto no pasado

como no presente.

O docente é un ser humano e non un mero transmisor de coñecemento; é unha persoa que a cotío ten que estar a discernir entre o que debe comunicar e o que non procede, tendo sempre como referente o ben dos seus rapaces. O vínculo educativo esixe, por parte do docente, vontade e capacidade de comunicar, sempre dun xeito adecuado, tendo en conta os intereses dos seus alumnos, a súa linguaxe, o seu mundo, pero esixe ademais, por parte destes, vontade de aprender e capacidade para elo. O noso obxectivo esencial será esperar e avivar o seu desexo de aprender, meta, por certo, nada doada de acadar.

Non se nace docente, o docente faise, constrúese na medida en que comunica unha e outra vez o aprendido, pero cada repetición é distinta, inclúe novas estratexias e elementos, de tal maneira que a repetición non é unha simple reiteración do mesmo, nin un círculo vicioso que volve unha e outra vez sobre si mesmo dun xeito inquebrantable. O docente debe

O RECUNCHO DE CANELINA



adaptar sempre o seu discurso ao público que ten diante, ese é o éxito. A miña preocupación como docente polo tanto sempre foi a mesma: "CONTACTAR", sí, con maiúsculas, facer un todo da aula, evitar que nada se interpoña entre o que quero comunicar e o que debe recibir o receptor.

Como cada docente posúe o seu propio estilo educativo, os alumnos, ao longo da súa formación,

reciben estes diferentes e variados estilos de tal maneira que esta pluralidade é educativa por si mesma. Evidentemente, as comparacións entre os rapaces son inevitables, pero a riqueza dunha comunidade educativa está precisamente nesta pluralidade de talentos e métodos que conviven nela, tendo sempre en conta que a humildade e a confianza son os valores esenciais para que flúa toda acción educativa.

DE RUTA EN RUTA

Rábade: Ruta das Insuas do Miño

É un percorrido de pouco máis de cinco quilómetros a carón do río Miño que nos permite coñecer a fauna e flora autóctonas

Unha das rutas máis habituais pola súa beleza e por tratarse dun percorrido sinxelo apto para disfrutar toda a familia é o das Insuas do Miño. Esta pequena ruta de algo máis de 5 quilómetros está considerada unha das mellores para iniciar aos máis pequenos na práctica do sendeirismo.

O alumnos do Colexio Santo Anxo foron os encargados de confeccionar este itinerario que permite coñecer a fauna e flora deste bonito paraxe dos arredores de Rábade. O punto de orixe e de final deste treito circular é a área recreativa de Rábade, ás beiras do Miño, para continuar augas arriba, pasando por baixo da ponte do ferrocarril e do viaduto da Autovía A6.

É nesta primeira parte da senda, cando comezan a xurdir no leito do río os primeiros illotes, baixo a sombra de freixos, salgueiros e bidueiros mesturándose con carballos e acivros, o carreiro cruza por prados de cultivo no que poderemos ver vacas, ovellas e cabalos.

O ruta pasa á Insua de Abaixo, cuxo interior percórrese grazas ás pontes de madeira que permiten conectar as illas coas beiras. Estas Insuas do Miño son pequenas illas orixinadas pola sedimentación de materiais dos meandros do Miño ao seu paso polos municipios de Rábade e Outeiro de Rei.

Debido á pouca pendente do terreo, o Miño alárgase e permite a formación, no seu leito, de pequenas illas como a Insua de San



Roque, a Insua de Cela e a de Tra-banca, que chegan a alcanzar os cinco quilómetros de lonxitude e máis de 200 metros de ancho, variando o seu tamaño segundo a estación polo caudal do río.

O río Miño actúa como fronteira natural entre os municipios de Rábade e Outeiro de Rei polo que o tramo, que percorre as dúas beiras, pasa por ambos os dous concellos. Esta contorna natural, de gran beleza en estado puro, permite ver ao longo do río nenúfares, fentos ou carriceiras. Entre a fauna destaca o mexillón de río, especie en perigo de extinción e pódese atopar tamén o merlo acuático, a londra e a ra verde.

A ruta finalmente sae á altura do muíño de Felpas á estrada local LU-1107, por onde se camiña uns seis minutos ata o punto de inicio. Ese punto de inicio do percorrido permite ao usuario ver e cruzar a ponte medieval que separa os concellos de Rábade e Outeiro de Rei.

De orixe romana, conserva a

traza medieval orixinaria dos séculos XIII e XIV. Foi edificado en cachotería e perpiaños graníticos que posteriormente sería reconstruído en tempos de Isabel II. Conta a historia que os usuarios da ponte tiñan que pagar o seu dereito de portádego, ao antigo edificio do concello de Rábade.

Xunto á ponte no inicio do tramo atópase o Centro de Interpretación Casa das Insuas, edificio do antigo concello e que desenvolve unha importante labor medioambiental e educativa.



DATOS



2.30 horas



5 quilómetros



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05